# Sobre algúns sufixos galegos medievais: cara á solución normativa actual

Ignacio Vázquez Diéguez
Universidade da Beira Interior
jivd@ubi.pt

## Resumen

O presente texto trata sobre os sufixos da lingua galega que forman substantivos, adxectivos e adverbios. Trataranse só os que durante a Idade Media foron moi produtivos e comprobarase se na actualidade aínda o son. Verificarase se as tendencias medievais tiveron / teñen continuación ou se foron falladas. Buscaranse todas esas voces no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* e posteriormente contrastaranse no *Dicionario da Real Academia Galega* que recolle o léxico estándar actual. Comentaranse as solucións que non se contemplan hoxe. Verase tamén a solución normativa actual.

**Palabras claves:** sufixación medieval, galego, corpus, morfoloxía

## Abstract

The present text deals with the suffixes of the Galician language that form nouns, adjectives and adverbs. Only those that during the Middle Ages were very productive will be treated and it will prove if they are still in the present. It will be checked if the medieval tendencies had / have continued or have been failed. All these voices will be searched in the *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Medieval Computerised Thesaurus of the Galician Language), later contrasted in the *Dicionario da Real Academia Galega* (Dictionary of the Royal Galician Academy) that includes the current standard lexicon. The solutions that are not contemplated today will be discussed. And also the current standard solution.

**Keywords:** medieval suffixation, Galician, corpus, morphology

## 1. Introdución

Dos temas que unha persoa dedicada á morfoloxía pode estudar, o da derivación está entre os principais. Nas seguintes liñas presentarase o da sufixación. Entendemos por sufixo aquel afixo posposto que produce novas formas (derivadas) partindo dunha forma existente (p.e. amar > amábel ~ amable). Farase un percorrido histórico polos principais sufixos da lingua galega para (i) tentar comprobar a vixencia actual dalgúns deses sufixos como elementos cotiáns na formación de neoloxismos ou o seu pouco uso (algunhas desas posibilidades frutificaron e outras non, mais manifestan o xenio lingüístico), e (ii) verificar a solución actual normativa, porque nalgúns dos sufixos a solución gráfica (e fonética) implicou non poucos problemas na consecución da norma estándar do galego. Desde que en 1970 se publicasen as *Normas ortográficas do idioma*

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

*galego* (Real Academia Galega [RAG]), que en 1971 pasaron a chamarse *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* [RAG], ata a aparición das *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* (1ª ed. 1982, 23ª ed. 2012; [RAG] e Instituto da Lingua Galega [ILG]) –con dous grandes reformas en 1995 e en 2003–, as solucións morfolóxicas mudaron substancialmente.

En relación ao primeiro punto, o estudo dos sufixos ten merecido o interese dos investigadores desde longa data cunha extensa produción de publicacións. Sirvan os seguintes exemplos (inclúo traballos portugueses que tratan a época medieval): nas gramáticas descritivas da lingua, Álvarez *et al.* (1986, 2002) e Freixeiro Mato (2000); nas gramáticas históricas, Ferreiro (1995 - 1997) e Huber (1933); traballos específicos sobre léxico e glosarios, Barreiro (1985), Ferreiro (2010) e Lorenzo (1975 - 1977); traballos monográficos, Antunes (1962), Coelho (2001), Freixeiro Mato (1996) e López Viñas (2012, 2016) e traballos sobre sufixos particulares, Cereixo (1997, 1998), Dubert (2004), Malkiel (1960) e Mariño Paz (1995, 1998, 2005). Salienta para este estudo a obra de Ferreiro (1995-1997); a de Huber (1933) proporciona información moi básica (4 páxinas; 272-275) que aparecerá moi desenvolvida nas gramáticas históricas posteriores.

A problemática da consolidación da norma relaciónase cun aspecto, a variación. Desde un punto de vista estritamente lingüístico, e como afirman Álvarez e Xove (2002: 14), “a diversidade e a variación, maior ou menor segundo os casos, forman parte integrante da linguaxe humana e danse en tódolos falantes e en tódolos momentos históricos dunha lingua viva”. Para Domínguez e López (2017: 421),

> […] a lingua galega actual, coma todas as linguas, tamén presenta os tipos de variación anteriores [xeográfica, diatópica, diastrática, sociocultural, diafásica, temporal…], pero ademais amosa outros fenómenos variacionais froito das dificultades que houbo para acadar un acordo normativo e, como non, da presión que exerce a lingua castelá. Os diversos intentos normativos que se produciron ao longo do século pasado deixan constancia da diversidade gráfica que reflicten os documentos producidos durante o século xx.

A cuestión da consolidación dunha norma estándar para o galego provén indiscutiblemente da historia da propia lingua. Cando no século XIX a lingua se retoma como medio escrito, non había conciencia da tradición medieval. Os escritores parten do seu galego oral. A historia da normativización segue os seguintes pasos segundo Salgado e Monteagudo (1995): a) galego popularizante (características dialectais e castelanismos; século XIX), b) galego enxebrizante (hiperenxebrismos, neoloxismos, léxico do galego antigo; ata a guerra civil), c) galego protoestándar (ata os anos 70; a creación das principais editorias do país) e d) galego estándar (ata hoxe; coa *Lei de Normalización Lingüística* de 1982, é evidente e necesaria unha proposta unánime que, con todo, se foi revisando).

En 1977, o ILG publicou as *Bases prá unificación das Normas lingüísticas do galego*. Un texto que foi precedente e base da normativa de 1982; moi interesante e que se terá en conta nas seguintes liñas. García-Sabell, presidente da RAG naquel momento, di (ILG 1977: 5): “De ahí a súa atinada flexibilidade, como cómpre tratándose dunhas

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

normas que son propostas e non impostas". Na mesma páxina acaba dicindo: "Confiamos en que a unificación definitiva, que terá que se basar na consagración polo uso, e na oficialización pola Xunta de Galicia, non tardará en chegar".

## 2. Metodoloxía

A forma de traballar será a seguinte: unha vez escollidos os sufixos serán pesquisados no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* [*TMILG*] e no *Dicionario da Real Academia Galega* [*DRAG*] en liña. O *TMILG* rexistra textos desde o ano 700 ata o 1600 (prosa notarial, prosa non notarial e verso) e o *DRAG* recolle a lingua actual. Compararanse as solucións e verase a produtividade ou non de cada sufixo. Ofrécense escritas solucións pouco comúns hoxe ou que non pertencen ao estándar[1].

Esas solucións aparecerán cun asterisco cando se recollen no *Dicionario de dicionarios* [*DdD*], en liña, un tesouro lexicográfico que acolle trinta e dúas obras, desde os inicios da lexicografía galega no século XVIII ata a atualidade, as principais e máis importantes contribucións[2]. Tamén se buscaron no *Diccionario de diccionarios do galego medieval* [*DdDGM*], un "multidiccionario electrónico que compila catorce glosarios y vocabularios –cuatro de ellos inéditos– elaborados a partir de textos o colecciones textuales medievales gallegos o pertenecientes a la tradición común gallego-portuguesa" (González Seoane *et alii*, 2008: 385)[3]; marcáronse con dous asteriscos. Cómpre dicir que non todos os rexistros existentes son derivacións directas do latín; moitos son solucións posteriores axeitadas a un sufixo determinado.

Para escoller os sufixos que se van traballar, viuse en primeiro lugar a lista que ofrece a *Gramática da lingua galega* de Álvarez e Xove (2002). Os autores recollen oitenta e nove que forman substantivos, adxectivos e un único caso de adverbios. Todos eles foron consultados no *TMILG* e a lista que aparece a seguir ofrece os que foron encontrados, un total de corenta e catro; dá-se o resultado medieval en cursiva (segundo o *TMILG*; algunhas grafías xa modernas –ou modernizadas– dependen da transcrición feita polo editor da obra) e entre corchetes a solución actual:

**-ĀLĔ(M)** > *-al / (-ar)* [-al / (-ar)]
-ĂĬCŬ(M) > a) *-eigo*, *-eygo* [-eigo / -a]; b) *-ayco* [-aico / -a]
-ĂNĔŬS > *-aneo* [-áneo / -a]
**-ĀNŬ(M), - ĀNĂ(M)** > a) *-an / -án*, *-ao / -ão / -ãõ / -ãão*, *-ã* [-án / -á (-ao / -á)]; b) *-an*, *-ão*, *-ao* [-án / -ana]; c) *-ano*, *-ão* [-ano / -a]
**-ĂRĬŬ(M), -ĂRĬĂ(M)** > a) *-eiro*, *-eiru*, *-eyro*, *-eyru*, *-ejro* [-eiro / -a (-deiro / -a)]; b) *-ario*, *-arjo*, *-aryo* [-ario / -a (-tario / -a)]
**-ĂTĬCŬ(M)** > a) *-adego*, *-adigo* [-ádego]; b) *-atico* [-ático / -a]; c) *-axe*, *-age*, *-agẽ*, *-agem*, *-agen* [-axe]
-ĂTĬŬ(M) > *-aço*, *-azo* [-azo / -a]
**-ĀTŬ(M), -ĀTĂ(M)** > a) *-ado* [-ado / -a]; b) *-ato* [-ato / -a]
**-BĬLĔ(M)** > *-vel / -vele*, *-bel / -bele*, *-bil / -bile*, *-vil / -vile*, *-vle*, *-ble*, *-uel / -uele* [-bel ~ -ble]
-ĔLLĂ(M) > *-ela* [-ela (-dela)]
-ĔLLŬ(M) > *-elo* [-elo / -a]
-ĒNSĔ(M) > a) *-és* [-és]; b) *-Ø* [-ense]

-ENTŬ(M) > *-ento*, *-ẽto* [-ento / -a]
**-ĒNŬ(M), -ĒNĂ(M)** > a) *-eo*, *-ẽo*, *-ẽõ* [-eo / -a]; b) *-eno*, *-ẽno* [-eno / -a]
-ĒTŬ(M), - ĒTĂ(M) > *-edo* [-edo / -a]
-ĬA > *-ia*, *-ya* [-ia]
-ĪA > *-ía*, *-ia*, *-ya*, *-ýa* [-ía]
-ĬCŬ(M) > *-'...ico*, *-'...yco* ['...ico]
-ĪLĔ(M) > *-il*, *-yl* [-il]
-**ing cfr.* germ. > *-engo*, *-ẽgo* [-engo]
**-ĪNŬ(M), -ĪNĂ(M)** > a) *-iño*, *-ino*, *-inho*, *-inno / -ỹa* [-iño / -a]; b) *-ino* [-ino / -a]; c) *-in* [-ín / -ina]
-ISMUS < -ισμός > *-ismo*, *-ysmo* [-ismo]
-ISTA < -ιστής > *-ista*, *-ysta* [-ista]
**-ĬTĬĂ(M)** > *-eça*, *-eza* [-eza]
-ĬTĬĔ(M) > *-ez* [-ez]
**-ITĬŬS / - ICĬŬS** > a) *-iço*, *-izo* [-izo / -a (-dizo / -a)]; b) *-icio*, *-içio*, *-isio*, *-icia*, *-içia* [-icio / -a (-ticio / -a)]
-*ĪTTŬ(M), -ĪTTĂ(M) > *-ito* [-ito / -a]
-ĪŬ(M) / -ĪDŬ(M) > *-io* [-io / -a]
-ĪVŬ(M) > a) *-io*, *-yo* [-ío / -a (-dío)]; b) *-ivo*, *-iuo* [-ivo / -a (-tivo / -a)]
**MENTE(M)** 'pensamento, espírito' > *-mente*, *-mẽte* [-mente]
**-MĔNTŬ(M)** > *-mento*, *-mẽto* [-mento]
-NTĔ(M) > *-(a / e / i-y)nte* [-(a / -e / -i)nte (hoxe -nta nalgún caso feminino)]
**-NTĬĂ(M)** > a) *-nza*, *-nça*, *-ãça*, *-ẽça* [-nza]; b) *-ancia*, *-ansia*, *-ãçia*, *-encia*, *-ensia*, *-ençia*, *-ẽçia* [-ncia]
**-ŌNĔ(M)** > *-on*, *-õ*, *-om / -õa*, *-õã* [-ón (fem. -oa / -ona / -a)]
**-ŌRĔ(M)** > *-or* [-or / ra]
**-ŎRĬŬ(M)** > a) *-oiro*, *-oyro*, *-ojro* [-oiro / a (-doiro)]; b) *-orio*, *-oryo*, *-orjo* [-orio / -a (-torio)]
-ŌSŬ(M) > *-oso*, *-osso* [-oso / -a]
**-TĀTĔ(M)** > *-dade*, *(-dadi)* [-dade (-idade, adxectivos de máis de dúas sílabas)]
**-TĬŌNĔ(M)** > *-cion*, *-çion*, *-çiom*, *-ciõ*, *-çiõ*, *-çio*, *-çon*, *-çom*, *-çõ*, *- zon*, *-zom*, *-zõ*; *-sion*, *-son*, *-siõ*, *-som -sõ* [-zón / -ción]
-TŪDĬNĔ(M) > *-tude (-itude)* [-tude (-itude)]
-ŪGĬNĔ(M) > *-uge*, *-ugem*, *-uje* [-uxe]
-UMĬNĔ > *-ume*, *-umen* [-ume]
-ŪRĂ / -DŪRĂ > *-ura* [-ura (-tura)]; *-dura* [-dura]
-ŪTŬ(M), -ŪTĂ(M) > *-udo* [-udo / -a]

Os que van marcados en letra grosa, dezaoito, corresponden aos máis produtivos e serán eses os que se van tratar (os restantes posúen unha frecuencia moito menor, ás veces, dun único caso). Dado o aspecto diacrónico do percorrido que se vai facer, ofrécense os sufixos a partir do latín (por orde alfabética) e a seguir a solución galega.

Moitas veces a palabra resultante da utilización do prefixo non pertence ao estándar actual nin é recollida en ningún dicionario; é difícil dar unha etimoloxía mais ese é un dos desafíos do traballo. Cando no dato etimolóxico aparece un asterisco significa que o étimo non está documentado no latín clásico; pode ser latín vulgar, latín tardío ou latín propiamente galaico ou lusitano. Axudeime de materiais diversos para tentar dar ese

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

dato, entre eles, os dicionarios seguintes: *Dicionário Houaiss da língua portuguesa* (Houaiss 2001), *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* (Cunha 1982), *Dicionario Xerais da lingua* (Xerais 1994), *Diccionario de la lengua española* (*DLE*), *Dicionário etimológico da língua portuguesa: com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados* (Machado 1952), *Dicionario Etimolóxico da Lingua Galega* (Rivas 2015), *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (Coromines & Pascual 1980-1991), *Diccionario manual latino-español, español-latino* (Sopena 1981) e o *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (en liña)[4].

Após esa pesquisa, comentarase a cuestión da fixación normativa.

## 3. Os sufixos

Dáse o valor xenérico do sufixo en latín e o valor mantido, ampliado ou trocado na lingua galega. Xunto ao sufixo aparece a solución actual, cando non se especifica a grafía medieval significa que é a mesma de hoxe.

### 3.1. -ĀLĔ(M) > *-al*

Lat. relación (propio de). Hoxe tamén noción de colectividade. Infindos rexistros no *DRAG* (substantivos e adxectivos) (*abacial* <ABBACIALE(M)>, *abdominal* de 'abdome', *abeneiral* de 'abeneiro', *abertal* de 'aberto', *abisal* de 'abiso', *abismal* de 'abismo', *abruñal* de 'abruño', etc.). Foi e é moi produtivo. A seguir, casos medievais non vixentes na actualidade[5]. A sigla que aparece entre corchetes remite á referencia bibliográfica do *TMILG* (no fin do texto):

– substantivos:

(1) J(ua)n de Ribadavia e V(as)co carnieiro, vesinnos da dita cidade, e R(odrig)o Eanes **aldeal** della (1441) [= (de *aldea*, do ár. hisp. *aḍḍáy‘a*) relativo á aldea, aldeán] [SANCH].

(2) E pousarei solo **avelanal**! (**) (1300) [=(de *avelã*, *avela* [abelá] [6] <ABELLANA(M)>) abeledo; no corpus, tamén escrito **avelãal**] [*BREA*]. No *Dicionario Etimolóxico da Lingua Galega* (*DELG*) aparece *abelanal* como forma dialectal viva.

(3) Iten mando a Pero, fillo de Maria Arteira, a mina vina de Fondon, et o **bimial** que esta cabodela et as minas leiras (*) (1424) [= (de *bimio* [vime] <VIMINE(M)>) lugar onde hai vimieiros] [MANS]. No *DELG* aparece *vimial* como forma viva.

(4) Qui pascere fruyto que a horto pertenesce o **cogonbral**, por una qual quer rayz peyte. III. Dineyros (1280) [= (de *cogonbro* [cogombro] <*CUCUMERU>) lugar onde hai cogombros] [CINT].

(5) […] ca nunca pod'o **mentiral** tan ben | jurar come o que verdade ten. (**) (1300) [= (de *mentira*, de *mentir* <MENTIRE>) mentireiro / -a] [BREA].

(6) […] diseron que fosen ao **ortal** das Pereyras (1436) [= (de *orto* [horto] <HORTU(M)>) horta; horto] [LUC1]. No *DELG* aparece *hortal* como forma viva.


ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

– adxectivos:

(7) […] et rogolle perla morte et paſion que el tomou enna verdadeyra cruz para ſaluar a ˜mj et a todo ho ljnageen **humanal** que me perdoen (**) (1414) [= (de *humano* <HUMANU(M)>) humano / -a] [MAIA].

(8) Et renunçou demais sobre todo esto a seu foro **leigal** et submeteuse ao judiçio da iglesia (* / **) (1370) [= (de *leigo* <LAICU(M)>) secular; laico / -a] [PORT].

(9) […] ordenou a missa **matutinal**, et dar as penjtençias (**) (1468) [= (de *matutino* <MATUTINU(M)>) matutino / -a] [SOUT].

(10) […] seys mjll mrs. pares de brancas desta moneda **vsal** eneste Reyno de Galizia (* / **) (1516) [= (de *vso* <USU(M)>) en uso, que se usa, usual] [MART-SAL].

Existe a variante *-ar* como alternativa. Poucos casos e todos documentados hoxe. Afirma Ferreiro (1997: 16) “consérvase en numerosos vocábulos eruditos en que a relación coa base é aínda normalmente perceptíbel”.

### 3.2. -ĀNŬ(M), - ĀNĂ(M) > a) *-án* / *-á* (*-ao* / *-á*); b) *-án* / *-ana*; c) *-ano* / *-a*

Lat. orixe, nacionalidade; condición. Hoxe mantén eses valores e tamén o de semellante, comparable, con algúns matices dependendo da solución. Foi moi produtivo na Idade Media e continúa a ser na actualidade.

Para a solución a), o *DRAG* rexistra máis de duascentas entradas (*afgán / gá* do persa ‘afgany’, *alazán / zá* do ár. hisp. **alaşháb*, *aldeán / -deá* de ‘aldea’, *ancián / -ciá* <*ANTIANU(M)>, *capitán / -tá* <CAPITANU(M)>, *castelán / -lá* <CASTELLANU(M)>, *cristián / -tiá* <CHRISTIANU(M)>, etc.). Grafías do *TMILG*: ‘(-an / -án), -ao / -ão / -ãõ / -ãão, -ã’. Na actualidade, ‘-án / -á’ e admítese a variante ‘-ao / -á’ nos xentilicios da zona oriental de Galicia onde a desaparición do ene intervocálico non se converteu no ene velar do estándar para a solución do masculino (*arnoiao / -noiá*, *burelao / -lá*, *caldelao / -lá*, *courelao / -lá*, *lancarao / -rá*, *mariñao / -ñá*, *ribeirao / -rá*, etc.). No corpus medieval hai uns poucos casos. Véxanse os diverxentes atopados, neste caso dous préstamos:

(11) Diego Fernandez, **alfaghan** (1335) [= (do ár. hisp. *alẖayyáṭ*) alfaiate] [LUC1].

(12) [...] Ares Gonçalues, canónigo, vigario do **dayán** (* / **) (1447) [= (do fr. ant. *deien*, hoxe *doyen* <DECANU(M)>) deán] [FERRO].

A solución b) rexistra sobre douscentos cincuenta lemas no *DRAG* (*barbuzán / -zana* de ‘barba’, *barrigán / -gana* de ‘barriga’, *bocalán / -lana* de ‘bocal < boca’, *carneirán / -rana* de ‘carneiro’, *folgazán / -zana* de ‘folgar’, etc.) e fan referencia a características desfavorables. No corpus medieval recóllense bastantes. Grafías do *TMILG*: ‘-an, -ão, -ao’.

A solución c) é a mais produtiva na actualidade. O *DRAG* rexistra máis de catrocentas voces (*africano / -a* <AFRICANU(M)>, *alentexano / -a* de ‘Alentexo’, *alsaciano / -a* de

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

'Alsacia', *alxeriano / -a* de 'Alxeria', *americano / -a* de 'América', etc.). No corpus medieval hai moitos. Grafías do *TMILG*: '-ano, -ão'.

(13) Todo **aldeano** que casa ouere en uila (*) (1290) [= (de *aldea*) aldeán] [CINT]. No *DELG* aparece *anciano* como forma viva.
(14) Et era ome **ançiano** ia (* / **) (1312) [= (<*ANTIANU(M)>, antes) ancián] [LOR1].
(15) […] mãdo tornar este libro de frãçes en **castellano** (* / **) (1399) [= <CASTELLANU(M)> castelán] [PARK].
(16) Todo mouro ou moura que ferir a **christiano** o a christiana (1290) [= <CHRISTIANU(M)> cristián] [CINT].
(17) El [rrey] Merres **Etiopiano** (**) (1330) [= (de *Etiopía*) etíope] [MART].
(18) Cõmo foy gardado en España o ofiçio **romão** (**) (1312) [= <ROMANU(M)> romano] [LOR1].
(19) […] caualeyro que lidou polo ofiçio **toledão**, que uençeu (**) (1312) [= <TOLETANU(M)> toledano] [LOR1].

Cómpre dicir que, neste caso, a grafía pode levar a engano, pois podían moi ben xa estar a pronunciar '-án' e a escribir '-ano / -ão' e viceversa.

Para Ferreiro (1997: 142) a solución a) "constitúe, sen dúvida, un dos [sufixos] máis rendíbeis ao longo da historia do galego". Presente en numerosos vocábulos patrimoniais, "a produtividade deste sufixo mostrouse con forza na formación de xentilicios, sendo este practicamente o único ámbito nocional en que se rexistra". Para c) "alta rendibilidade, para alén da súa presenza en numerosos adxectivos eruditos procedentes directamente do latín". En relación a b) "O sufixo moderno *-án*, *-ana* de grande extensión na lingua popular e coloquial, procede posibelmente do sufixo aumentativo *-ón*, cunha modificación fonética a que puido contribuir o resultado *-án*, da terminación lat. -ANE" (1997: 144).

No tocante á norma, en *ILG* (1977: 25) lese para a solución a):

> Das múltiples combinacións que se dan na fala viva os escritores mostran unha tendencia clara polo seguinte esquema: *(meu) irmán ~ (miña) irmá*. Este é tamén o esquema que propoñemos. O cal non quere dicir que se condenen as outras formas, que en certo tipo de palabras (como as de carácter xentilicio) serán as únicas aceptables: *meirao*, *mariñao*, *limiao*, *lancarao*.

Para a solución b): "Non ofrecen problemas na forma masculina: *guardián*, *alemán*, *catalán lacazán*, *loubán*. Orixinariamente estas palabras non tiñan unha forma específica pró femenino e crearon unha en *-ana*: *guardiana*, *alemana*, *catalana*". E para a c) (p. 26):

> En época moderna rehabilitouse o sufixo *-ano* por vía culta, primeiro en palabras de carácter libresco (*humano*, *republicano*, *anglicano*) e despois tamén en palabras de carácter popular (*americano*, *peruano*, *rosaliano*, *pondaliano*). Naturalmente, cos seus femeninos en *-ana*: *humana*, *republicana*, *rosaliana*, etc.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

> Como en castelán non se fai diferencia neste caso entre as entradas antigas e as modernas (*hermano* o mesmo que *humano*), de aquí resulta unha fonte de confusións no galego moderno.
>
> En tanto non aparece un dicionario de dudas recoméndase acudir a un dicionario portugués e face-la equivalencia port. *-ão* = gal. *-án* (*cristão* = *cristián*), port. *-ano* = gal. *-ano* (port. *humano* = gal. *humano*).

En *ILG* (1982) aínda aparecen as solucións *catalana*, *alemana* (b) e em *ILG* (2003) aparecen xa as solucións actuais: *afgán-afgá*, *alemán-alemá*, *capitán-capitá*, *catalán-catalá*, *musulmán- musulmá*, *pagán-pagá*, *sancristán-sacristá*.

### 3.3. -ĂRĬŬ(M), -ĂRĬĂ(M) > a) *-eiro* / *-a* (*-deiro* / *-a*); b) *-ario* / *-a* (*-tario* / *-a*)

Lat. relación, 'propio de'. Hoxe, ocupación, lugar, noción colectiva; relación, posesión.

A solución a), a popular, presenta, quer no *DRAG*, quer no corpus, infindas entradas (*abelleiro / a* de 'abella', *aceiro* <*ACIARIU>, *cancioneiro* de 'canción', *carpinteiro / a* <*CARPENTARIU>, etc.). Atópase escrito na Idade Media (*TMILG*) coas seguintes grafías: '-eiro, -eiru, -eyro, -eyru, -ejro'.

(20) […] rrefazer as ditas casas de todo **adubeiro** que lles foren mester (* / **) (1392) [= (do fr. *adouber*) ornamento] [CAB].
(21) […] ẽna alcavala das bestas, Afonso de Torres, **arrocheiro** (*) (1458) [= (de *arrocho* 'pau curto') arrieiro] [ROD-GON1].
(22) […] Pero Garçia de Galegos e Juan Ferreiro, **çinteiro** (*) (1458) [= (de *cinto* <CINCTU(M)>) o que facía cintas, cinchas] [ROD-GON1].
(23) Com'eu en Vigo **senheyra** manho (* / **) (1300) [= <SINGULA(M)> solitaria] [BREA].
(24) […] e firmemente outorgo a vos Rodrigo Eans Barreiro **toneiro** que presente estades (*) (1400) [= (de *tone[l]*, do fr. ant. *tonel* <TUNNA>) toneleiro] [COME].

A solución b) indica na actualidade 'oficio, lugar onde se profesa; relación, posesión; lugar'. No *DRAG* rexístranse uns catrocentos lemas (*acuario* <AQUARIU(M)>, *bibliotecario* <BIBLIOTHECARIU(M)>, *corsario* de 'corso', *estatutario* de 'estatuto, etc.). No corpus medieval hai moitos menos casos. Salientan algúns non vixentes na actualidade:

(25) E mando a Fernan Rodrigues quanto herdamento gaaney en Lestedo e en seu **auoario** e con quanto outro herdamento ayo en Crescone (1294) [= (de *auó* [avó] <*AVIOLU(M) < AVOLU(M)>, relacionado con <*AVOLENTIA(M)>) avoengo, liñaxe] [NOVO].
(26) […] Item huun liuro pequeno en que liian quando comian en reffortorio a que chaman **çinalario** (1419) [= (de *çinal*? [sinal] <*SIGNALE(M)>) libro de oracións] [PEREZ].
(27) […] que foy de Pero fernan nosso **familiario** (**) (1289) [= <*FAMILIARIUS> familiar, parente] [PORT].

(28) […] frey Anton Carneyro, doctor **jubilarjo** (1506) [= <*IUBILIARIUS> monxe que levaba, como mínimo, cincuenta anos no convento] [MAIA].

(29) […] assi doigreario como do **leygario** (*) (1262) [= (de *leigo* <LAICU(M)>) propio dos leigos] [NOVO].

Apunta Ferreiro (1997: 168) que a forma erudita do sufixo, tamén de amplo uso, “contribúe á existencia de numerosos pares léxicos, servindo, nalgún caso, en oposición á forma popular, como elemento de distinción semántico-formal: *banqueiro vs. bancario*, *obreiro vs. operario*”. Engade que o sufixo culto “tivo unha evolución semierudita, -*airo*, con simple metátese do iode, en formas antigas actualmente desaparecidas, agás no caso de *vigairo*: *contrairo*, *notairo*...”.

### 3.4. -ĂTĬCŬ(M) > a) *-ádego*; b) *-ático* / *-a*; c) *-axe*

Lat. orixe. Hoxe, relacionado con ‘cargo, condición, efecto’.

Para a solución a), o semicultismo, hai catro rexistros no *DRAG* (*bravádego* de ‘bravo’, *deádego* de ‘deán’, *padroádego* de ‘padroado’ e *portádego* <*PORTATICU(M)>). Sufixo de moi pouca rendibilidade. Na Idade Media encontramos as grafías ‘-adego / -adigo’ (*TMILG*) e só quince voces (*achadego*, *(h)amadego / amádigo*, *arçidianadego*, *chantradego*, *eyradego*, *justiçiadego*, *maestradego*, *maordomadigo*, *mayordomadego*, *montadego*, *moordomadego*, *padroadigo*, *papadego*, *prioradego*, *terradego*). Véxanse catro usos non rexistrados na actualidade, do corpus medieval:

(30) […] et de todo por calço et **achadego** que nos Deus der aver et gaanar (* / **) (1433) [= (de *achar* <AFFLARE>) achado; descubrimento] [ROD-GON2]. No *DELG* aparece *achádego* como forma viva.

(31) […] Ruy Gomes arçipreste do **arçidianadego** de Deça por don Johan Affonso arçidiago do dito **arçidianadego** (1362) [= (de *arcediano* [hoxe non conservado] <ARCHIDIACONU(M)>) arcediagado] [ROMAN].

(32) […] et cada ano por dia de Natal quareenta et oyto soldos de brancos por foros et huna galinna et os ovos do **eyradego** (1394) [= (de *eira* <AREA(M)>) imposto en especias] [ROMAN].

(33) […] que lle avian mandado dar para levar a carta do **justiçiadego** ao arçebispo (1437) [= (de [justicia] *xustiza* <IUSTITIA(M)>) cargo xudicial] [ROD-GON1].

Para a solución b), a forma culta, que indica ‘relación’, hai cento setenta e dous rexistros no *DRAG* (*acromático*, *acrobático*, *acuático*, *antipático*, *asiático*, *automático*, *climático*, *sabático*, etc.) e un só caso no corpus medieval:

(34) […] deuena a meter na chaga para estanar esta meezjna filla duas partes dençenço et tres partes daloes **etpatico** (1409) [= (HEPATICU(M), de ἡπατικός) hepático] [PENS].

A solución c), que indica ‘noción colectiva; acto ou estado’, recolle palabras que se formaron na lingua a partir da solución francesa -*age* do sufixo en causa, procedente do occitano -*atge*. O *DRAG* rexistra cento oitenta e unha entradas (*abordaxe*, *aldraxe*, *almacenaxe*, *aprendizaxe*, *bandidaxe*, *bricolaxe*, *camuflaxe*, *correaxe*, *dobraxe*, *follaxe*,

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

etc.). No corpus medieval encóntranse moitas das voces hoxe vixentes (con diferentes grafías [*TMILG*], '-axe, -age, -agẽ, -agem, -agen') mais aparecen cinco casos sen presenza no dicionario:

(35) Se lhi froreç'o bastage, | meu senhor, seede sage | que prendades dele gage: | ca, se s'ora daqui vai | ben, fará tan gran **domage**, | come Fernand'e[n] Romai (* / **) (1300) [= (bastage) (de βαστάζω 'levar unha carga') pau, tronco, fig. pene / (**) (domage) (do fr. *domage*, do fr. ant. *dongier* <*DOMINARIU(M)>) estrago, dano, prexuízo] [BREA].

(36) Pero Fernandiz, home de **barnage**, | que me non quer de noyte guardar o muu, | se aca d'el travarem por peage (*) (1300) [= (do fr. *baron*, do ger. **baro* 'home libre') nobreza, estirpe nobre] [BREA].

(37) […] em todo seu Regno et señorio detodo oportadego et peage et pasage et **rondage** et castelagem (* / **) (1431) [= (rondage) (de *ronda*, do ár. *rubt*) vixiancia / (castelagem) (de *castelo* <CASTELLU(M)>) antigo imposto que se pagaba cando se pasaba polo territorio dun castelo] [MART-SAL].

Segundo Ferreiro (1997: 160) "-*ádego*, presente na lingua medieval en substantivos que indican 'xurisdicción, institución, etc.'" non ten rendibilidade na actualidade. A forma -*ático*, -*a* "é o resultado erudito, cuxa presenza no romance se produciu sempre a través do latín literario" (p. 161). E o sufixo -*axe*, "procedente do fr. -*age* ou prov. -*atge*, do lat. -ATĬCU, forma substantivos presentes desde os primeiros períodos da lingua baixo a forma -*age* ou -*agen*, adquirindo posteriormente unha grande rendibilidade" (p. 122).

### 3.5. -ĀTŬ(M), -ĀTĂ(M) > a) *-ado* / *-a*; b) *-ato* / *-a*

Lat. formaba os participios de pasado dos verbos da primeira conxugación. Na actualidade tamén, de gran produtividade en todas as épocas. Hoxe ten outros valores, entre os que salientan 'provisto de, con carácter de; multitude; porción; movemento enérxico; territorio; institución'.

A solución a) documéntase no *DRAG* cunha innumerable cantidade de lemas (*abafado* de 'abafar', *abandeirado* de 'abandeirar', *ablegado* <ABLEGATU(M)>, etc.). No corpus medieval hai moitísimos, algúns, como os seguintes, non pertencen ao dicionario na actualidade:

(38) [...] vos damos en renda o lugar de Savynaao, que jas sub signo de Santo Estevo, asi como esta **acomarado**, con suas árvores et casas (1418) [= (de *acomarar*?, de *cómaro*? <CUMULU(M)?>) limitado, que ten límites, cercado] [DURO]. No *DELG* aparece *acomarado* como forma viva.

(39) [...] et prouéé-lo competenter et leua-lo ou nosso celeyru do **adrado** de Deua (*) (1280) [= (de *adrar*, de *adro* <ATRIU(M)>) terreo sementado] [LUC1].

(40) Et o Çide ficou **apeoado** et deronllj logo o caualo (* / **) (1312) [= (de *apeoar*?, de *peón*? <PEDONE(M)>) apeado, desmontado] [LOR1].

(41) De otras bondades o vejo **arnessado**, | ca es sabidor e de boa vida (1424) [= (de *arnesar*, de *arnés*, do fr. *harnais*) protexido (por arnés)] [POL].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(42) Et se o faço, para sempre serey **pusfaçado** (1399) [= (de *posfazar* <POST FACIE(M)> 'falar por tras da cara') inxuriado] [PARK].
(43) […] esta Iglesia ffoy **abbadada** de ffernan portugaez (*) (1291) [= (de *abadar*, de *abade* <ABBATE(M)>) igrexa provista de abade] [PORT].
(44) […] e desí moiro por vos'espejo, | ¡tan **adonada** me paresçedes!| (1430) [= de *adonar* <*ADDONARE>, de *don* <DONU(M)>) chea de dons, mercés] [POL].
(45) […] que era ome de oytenta anos, et que senpre a dita granja fora **benfeytada** do dito mosteyro (*) (1417) [= (de *benfeitar* <*BENEFACTARE>, de <BENEFACTORE(M)> 'outorgar benfeitoría') arrendada ou cedida ao clero] [LUC1].
(46) Et plo[u]gue a Deus que acharõ hũa alcaria muy bõa et muy bem **castelada** (* / **) (1312) [= (de *castelar*?, de *castelo* <CASTELLU(M)>) fortificada, protexida] [LOR1].

A solución b), maioritariamente utilizada para designar titularidade, estado e usada para a nomenclatura química, ten presenza importante no *DRAG* (*agnato* <AGNATU(M)>, *anonimato* de 'anónimo', *bacharelato* de 'bacharel', *beato* <BEATU(M)>, etc.). No corpus medieval hai varios rexistros, algúns sen uso hoxe:

(47) […] que he sita en no **arçedianato** de Castela, da igleia de Ourense (1430) [= (de arcediano [hoxe non conservado] <archidiaconu(m)>) arcediagado] [LUC1].
(48) […] fasta que viese **recoditato** e desenbargo do dito señor rey (1455) [= (do antigo recodir / recudir <recutere> 'responder; rejeitar') resposta / rexeitamento] [ROD-GON1].

Ferreiro apunta que a forma erudita -*ato* "aparece basicamente en empréstimos ou en construcións lexicais sobre formas latinas, concorrendo coa forma patrimonial en substantivos que presentan a noción de 'xurisdicción, institución'" (1997: 118).

### 3.6. -BĬLĔ(M) > *-bel* ~ *-ble*

Lat. posibilidade, valor conservado na actualidade. Encóntrase no período medieval, cunha relativa produtividade, coas seguintes grafías (*TMILG*): '-vel / -vele, -bel / -bele, -bil / -bile, -vil / -vile, -vle, -ble, -uel / -uele'. No *DRAG* hai rexistrados innúmeros casos (*abarcábel / abarcable* de 'abarcar', *abatíbel / abatible* de 'abater', *abominável / abominable* <ABOMINABILE(M)>, *amábel / amable* <AMABILE(M)>, etc.). No corpus recóllense poucos casos non referenciados hoxe:

(49) […] non o querendo que vos o posas dar a outra persona **semitable** de vos que pague (1527) [= (<SIMILABILE(M)>, de *simil* <SIMILE(M)>. Tal vez lectura errónea do manuscrito, l por t) semellante] [COME].
(50) [...] et que façades as casas delles ally hu estavan antes ou en outro lugar en termino desses lugares que seia **comunavel** (1332) [= <COMMUNABILE(M)> susceptible de ser común] [ROMAN].

(51) […] enno pleito que ouvera por lo dito conçello con Fernan Garçia alfayate sobrerason da renda **conçellavel** (**) (1416) [= (de *concellar*? <CONCILIARE>) conciliable] [ROD-GON1].

Ferreiro só considera -*bel* e asevera que o sufixo, rexistrado en latín maioritariamente "sobre bases verbais, continúa en galego cunha rendibilidade alta baixo a forma -*bel* [...]. Este sufixo, con resultados diversos na lingua antiga (-*vel(e)*, -*vil(e)*, -*bel(e)*, -*bil*) compite no estándar lingüístico con -*ble*, forma debida á presión do español". E engade: "Non obstante, no s. XIX a forma xeral debía ser -*bre*, como testemuñan literariamente autores como Pondal e Rosalía" (1997: 146).

Para Mariño Paz (2016: 130) o uso de -*ble* "semellaba estar liderado basicamente por individuos ao servizo da elite gobernante que nos documentos que produciron lle deron un gran pulo" e implicaba un achegamento do galego ao castelán. O mesmo autor explicaba en 2005 (p. 166) a cuestión cos seguintes argumentos:

> Na variación -*uel(es)* / -*ble(s)* do galego escrito na Idade Media o eixe estruturador principal é o diacrónico: […] Mais, polo que se refire á forma, en todos os xéneros se percibe o predominio da opción -*uel* / -*ueles* (ou variantes) ata o ecuador do século XV. Paréceme fundada, por tanto, a sospeita de que a fulgurante expansión de -*ble(s)* na prosa notarial posterior a 1451 estivo en relación directa co aumento da familiaridade co castelán que se daría na actividade profesional de notarios e escribáns a partir do ecuador do século XV. […] as variantes con síncope da vogal postónica tamén resultaban esperables na deriva diacrónica do galego e que hai esporádicos exemplos delas en textos antigos; con todo, creo que a súa tardía e rápida difusión na prosa notarial si se debe interpretar como inducida polo castelán […].

Na cuestión normativa, ILG (1977: 23) postulaba: "Prás palabras cultas que se forman co sufixo latino -b i l i s (cast. -*ble*, port. -*vel*) son posibles dúas solucións: *amábel* / *amable*". Na nota 9 da mesma páxina lese:

> A forma autenticamente galega era -*vel*, que nós escribiremos con *b* pra sermos coherentes coa nosa ortografía. A forma -*ble* é, con todo, a única existente no galego falado hoxendía; o triunfo desta solución castelá veríase favorecido polo feito de seren todas palabras cultas. Parece que a escolla entre as dúas debe facela a práctica e o tempo, pois que unha representa a nosa tradición e a outra a fala de hoxe.

En ILG e RAG 1982, as dúas solucións son aceptadas. Na 12ª edición de 1995, aínda se le na páxina 60, en relación á solución -*bel* que "algúns escritores optaron por influxo do portugués, aínda que, polas razóns anteditas, non pareza recomendable". A partir de 2003, lese (ILG e RAG, 2012: 57): "A solución moderna para as palabras cultas que teñen o sufixo latino -BILIS é -*ble* ou -*bel*" (con todo, as *Normas* son redactadas sempre empregando -*ble*). E na páxina 58:

> A historia do sufixo -BILIS é complexa e diferente no galego e no portugués. En textos portugueses medievais aparecen -*vel* e -*vil* (plural -*viis*); máis tarde

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

impúxose como única forma *-vel* (plural *-veis*). En textos galegos antigos danse as seguintes solucións (con alternancia gráfica *b / v*): para o singular, *-vele* ~ *-bele*, *-vel* ~ *-bel*, *-vil* ~ *-bil*, *-vle* ~ *-ble*; […]. Esta última solución é con moito a máis frecuente.

A terminación *-ble* (pl. *-bles*) impúxose como solución xeral en todo o territorio galego, e mesmo se documenta no norte de Portugal. Esta é ademais a solución adoptada por outras linguas (francés, catalán, castelán...). De por parte, *-bel*, *-beis* (*amábel*, *amábeis*) ten tamén unha importante presenza na lingua escrita xa desde o século XIX.

### 3.7. -ĒNŬ(M), -ĒNĂ(M) > a) *-eo* / *-a*; b) *-eno* / *-a*

A solución a) aparece no *DRAG* coas entradas *alleo* / *-a* <ALIENU(M)> e *cheo* / *-a* <PLENU(M)>. No corpus rexístranse as mesmas voces.

A solución b) presenta un centenar de lemas no *DRAG* (*agareno* / *-a* <AGARENU(M)>, *canceríxeno* / *-a* de 'cáncer', *catecúmeno* / *-a* <CATECHUMENU(M)>, *esloveno* / *-a* de 'Eslovenia', etc.), moi poucos no corpus. Salientan estes casos non vixentes na actualidade:

(52) […] et o dezeno, Bron et o onzeno ouvo nome Matas et o dozeno, Almadias (** ambas voces) (1399) [= (de *dez* <DECE(M)> / de [doze] *doce* <DUODECI(M)>) décimo / décimo segundo] [PARK].

### 3.8. -ĪNŬ(M), -ĪNĂ(M) > a) *-iño* / *-a*; b) *-ino* / *-a*; c) *-ín* / *-ina*

Lat. orixe, nacionalidade; relación.

A solución a) desenvolveu o valor diminutivo. No *DRAG* aparecen uns poucos nomes co valor latino (*albariño* de 'albar', *daniño* de 'dano', *mariño* <MARINU(M)>); co valor diminutivo acolle unha vintena de substantivos, case todos lexicalizados (*bacoriño* de 'bácoro', *cabaliño* de 'cabalo', *carriño* 'de carro', *ceboliño* de 'cebola', *colariño* de 'colar', *corpiño* de 'corpo', *culleriña* de 'culler', *falanxiña* de 'falanxe', *fouciña* 'de fouce', *mañanciña* de 'mañá', *noitiña* de 'noite', *tardiña* de 'tarde', *pequeniño* de 'pequeno', *santiño* de 'santo'). Con este valor é moi produtivo en todas as épocas. No corpus, atópanse poucos casos co primeiro valor e todos documentados e usados hoxe; co segundo valor atopamos algúns exemplos (grafías [*TMILG*] '-iño, -ino, -inho [ɲ]'):

(53) [...] e súa moller a **Afonsiño**, fillo de Fernando do Outeyro (1457) [= de *Afonso*] [TATO].
(54) Pero Rodriguez meu segundo et **afonsino** (1375) [de *Afonso*] [LOPEZ2].
(55) Un **asadiño** de pingo de porco (1519) [= de *asado*, de *asar* <ASSARE>] [FERRO].
(56) Et díssolle assý: -¡Fi de puta, **fornjziño**! (1373) [= (de *fórnice* <FORNICE(M)>, de <FORNICARE>) bastardo] [LOR2].

A solución b) é a culta. No *DRAG* hai unhas duascentas voces (*adulterino* <ADULTERINU(M)>, *albino* <ALBINU(M)>, *alpino* <ALPINU(M)>, etc.).

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

A solución c) é presenta cen lemas no *DRAG* (*bailarín* de ‘bailar’, *balancín* de ‘balanza’, etc.). No corpus aparecen bastantes rexistros toponímicos e de nomes propios (*Afonsin*, *Agostin*, *Amorín*, *Merlin*, *Señorin*, etc.); algún sustantivo inusual hoxe:

(57) Mas foi-ss'o demo e fez-ll'o **bocin** (* / **) (1284) [= ‘fazer o bocin’, aceno de desprezo] [METT].
(58) […] e ar torná-ss'o mouro **pelegrin** (* / **) (1300) [= (<PEREGRINU(M)>) peregrino] [BREA].
(59) […] se ouver cabalo ou **Rocin** que lle de o mellor que ouver (* / **) (1335) [= barrufeiro, cabalo ruín, castelanismo ‘rocín’ (de orixe escura)] [LOPEZ2]. No DELG aparece *rocín* como forma viva.

Lese en Ferreiro (1997: 184) que “o sufixo *-iño* impúxose como solución universal en galego para a función diminutiva”. Na páxina 154 di que o resultado semiculto está “presente en adxectivos formados no propio latín [...] que entraron por vía culta en galego”, e na páxina 185, en relación á solución c), “rexístranse en galego algúns vocábulos en que aparece unha variante sufixal *-ín*, de valor diminutivo máis ou menos claro, procedente directamente do fr. (*-in*) ou do it. (*-ino*), ás veces a través do español”, e esclarece que hai que ter presente “que en grande parte do territorio oriental *-ín* é o resultado xeral de -ĪNU”.

*ILG* (1977: 27) facía as seguintes consideracións:

> *-iño* / *-ino*, *-iña* / *-ina*. Os resultados populares son os que damos como primeira alternativa: *Manoliño*, *Carmiña*, *pequeniño*, *fuciño*. Tamén é popular (oriental), aínda que literariamente de uso moi restrinxido, *-ín*: *fucín*, *toucín*. Tardiamente introducíronse palabras cultas que manteñen inalterado o sufixo orixinario: *Medicina*, *penicilina*, *gasolina*.

Nas normas posteriores, a solución será a mesma, a actual.

### 3.9. -ĬTĬĂ(M) > *-eza*

Hoxe forma nomes abstractos, indica cualidade, propiedade, estado. Moi ligado ao sufixo seguinte. No *DRAG* rexístranse uns oitenta casos (*absurdeza* de ‘absurdo’, *afouteza* de ‘afouto’, *agudeza* de ‘agudo’, *baixeza* de ‘baixo’, *beleza* de ‘belo’, *clareza* de ‘claro’, etc.). Grafías (*TMILG*): ‘-eça, -eza’. No corpus recollemos casos sen rexistro actual:

(60) Et el rrey foy tam mesurado que lle perdõo[u] sen outra **agraueza** (* / **) (1312) [= (de *grave* <GRAVE(M)>) gravame, tributo] [LOR1].
(61) […] as leys dos emperadores Valeriano e Justiniano que falan con **anpleza** das molleres (1416) [= (de *amplo* <AMPLU(M)>) folgura, abundancia] [LUC2].
(62) […] e tal **astragueza** pres || que quanto por ben fazia | en mal xe ll'ya tornar (*)(1284) [= (de *astrago* [estrago], de *(a / e)stragar* <*STRAGARE>) mala fada] [METT].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(63) Et Orestes fuy ende muyto atachado, ca todos teuerõ que f[e]z[era] grã treyçóm et grande **auoleza** (* / **) (1373) [= (do esp. *avoleza*, do cat. *àvol*, origem escura, se cadra, ligado ao lat. <HABILE(M)>, 'experto en facer cousas más') vileza, maldade] [LOR2].

(64) […] En aquela sazõ auẽo que ẽna hoste auía tã grã **careza** de uiandas (* / **) (1373) [= (de *caro* <CARU(M)>) carestía] [LOR2]. No *DELG* aparece *careza* como forma viva.

(65) […] de tã forte aficamẽto de amor et de tã grã **cobardeza** (**) (1399) [= (de *cobarde* [covarde], do fr. ant *coart*, derivado de *coe* [hoxe *queue*] <CAUDA(M)>, 'o que trae o rabo baixo; falto de coraxe') covardía] [PARK].

(66) […] home boo do moesteyro e outro do Conçello eo Notario e poerena en **comuneza** (*) (1287) [= (de *común* <COMMUNE(M)>) comunidade] [PORT].

(67) […] mal aya la tu alteza, | pues non fazes **igualeza** | seyendo tal poderoso (* / **) (1430) [= (de *igual* <AEQUALE(M)>) igualdade] [POL].

(68) Esto é sa **dereyteza** (* / **) (1350) [= (de *dereito* <DIRECTU(M)>) dereitura] [BREA].

(69) […] escureçeu o ssol et duroulle ha **escureza** quanto podia seer hũa ora (* / **) (1312) [= (de *escuro* <OBSCURU(M)>) escuridade] [LOR1].

(70) [...] en seu lugar el rey dõ Ramjro, coydando elles que el, como seria en sua **noueza**, que aueria medo (1312) [= (de *novo* <NOVU(M)>) mocidade] [LOR1].

Afirma Ferreiro (1997: 130) que "tivo grande extensión no latín vulgar e mais ao longo da historia do idioma na formación de substantivos abstractos sobre bases adxectivas".

### 3.10. -ITĬŬS / - ICĬŬS > a) *-izo / a* (*-dizo / a*); b) *-icio / a* (*-ticio / a*)

Lat. cualidade ou estado. Noción de 'referencia'.

A solución a), a forma popular, presenta un centenar de entradas no *DRAG* (*abafadizo* de 'abafado', *achadizo* de 'achado', *afogadizo* de 'afogado', *antolladizo* de 'antollo', *castizo* de 'casta', *novizo* <NOVICIU(M)>, *preguiça* <PIGRITIA(M)>, etc.). Os casos atopados no corpus medieval tamén están rexistrados na actualidade (grafías [*TMILG*] '-izo, -iço'), agás catro:

(71) […] et deuja gozar de todas las libertades et **franquiza** et prerrogatiuas que ham (1451) [= (de *franco* <FRANCU(M)>) franquía] [GONZ].

(72) […] daredes de comer e de beber quando partirdes os ditos nobos que seja sen **maliza** (1424) [= <MALITIA(M)> malicia] [DURO].

(73) […] hũu tã gram desacordo et tã grã **boliço** que nõ poderia mayor seer (* / **) (1312) [= <*BULLITIU(M)> exaltación; bulicio] [LOR1].

(74) […] et tu andaras sempre errado et **fugidiço** en toda tua vida (1330) (* / **) [= (de *fugir* [fuxir] <FUGERE>) fuxidío] [MART]. No *DELG* aparece *fuxidizo* como forma viva.

A solución b) presenta no *DRAG* uns setenta lemas (*adventicio* <ADVENTICIU(M)>, *cardinalicio* de 'cardeal', etc.). No corpus medieval hai bastantes casos, escritos coas

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

seguintes grafías (*TMILG*): '-icio, -içio / -icia, -içia'. A seguir, rexistros que só aparecen no corpus:

(75) […] e a si mismo demandar en **juicio** (*) (1485) [= <IUDICIU(M)> xuízo] [LOPEZ1].
(76) [...] por rrazõ do marido, aYsis [deessa] do **lanyfiçio**, et **lanyfiçio** he fiar lãa ou lyño (1330) [= <LANIFICIU(M)> obra feita de la] [MART].
(77) […] et nos veendo sua petiçon seer justa et **seruiçio** de Deus (1441) [= <SERVITIU(M)> servizo] [CAL2].
(78) […] et que negaua todo o al que lle podia fazer **perjudiçio** (1419) [= <PRAEIUDICIU(M)> prexuízo] [CAL1].
(79) […] essa **iusticia** façan de uno como del outro (*) (1290) [= <IUSTITIA(M)> xustiza] [CINT].

Encóntrase algún caso escrito con ese (*TMILG*): *juisio*, *prejuisio*.

Aínda que maioritariamente estes sufixos forma(ba)n adxectivos, tamén hai substantivos. A solución medieval -ço / -zo, resólvese hoxe como -zo mais é "xeralmente conservada nas palabras patrimoniais, aínda que, nalgúns casos, a forma debida á interferencia co español presiona sobre as formas autóctonas: gracia vs graza, xuízo vs xuicio, espacio vs espazo..." (Ferreiro, 1995: 169), e "a forma erudita do sufixo aparece normalmente en adxectivos tomados directamente do latín" (p. 148).

*ILG* (1977: 20-21) propuña:

> *-ancia*, *-encia*, *-cio*, *-cia*. Nas voces mais cultas o sufixo coincide en galego, castelán e portugués: *constancia*, *tolerancia*, *clemencia*, *referencia*, *malicia*, *pericia*, *beneficio*, *silencio*, etc. Noutras palabras xa se apartan o castelán e o portugués, e o galego ocupa unha situación intermedia. Neste caso, parece aconsellable defender e potencia-lo emprego das voces comúns á tradición galegoportuguesa, aínda vivas hoxe entre nós ou facilmente aclimatables: *crenza*, *descrenza*, *doenza* (ó lado de *dolencia*, variante culta), *pertenza* (a carón de *pertinencia*, mais con esfera semántica diferente), *cobiza*, *avareza*, *andazo*, *cansazo*... Nos demais casos aconsellamos acolle-la forma con *-i-* aínda que sexa igual ó castelán: *militancia* (port. *militança*), *Francia* (port. *França*), *diferencia*, *sentencia* (frente a *diferença*, *sentença*), *xusticia* e derivados (frente a port. *justiça*), *espacio*, *xuicio*, *prexuicio*, *precio*, *desprecio*, *servicio*...

Na edición de 1982 aínda se le: *espacio*, *precio*, *desprecio*, *gracia*, *tercio*, *servicio*, *xusticia* e *xuicio*.

As *Normas ortográficas* (ILG e RAG, 2012 [2003]) presentan esas voces da seguinte maneira: *servizo*, *licenza*, *grazas*, *diferenza*, *espazo*, *presenza*, *terzo*, *xuízo*, *xustiza*.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

### 3.11. MENTE(M) 'pensamento, espírito' > *-mente*

Infinidade de rexistros no *DRAG* e no corpus medieval, moi produtivo. Na Idade Media atópase escrito coas variantes (*TMILG*) '-mente, -mete, -mẽte'. Salientamos algúns casos non rexistrados na actualidade:

(80) Et a outra gente yasse tornãdo contra a uila muy **acadeladamente** (**) (1312) [= (de *acaudillar*, de *caudillo* <CAPITELLU(M)>, de <CAPUT>) acaudilladamente, seguindo un xefe; en orde] [LOR1].
(81) [...] que seendo trégoa posta ontre eles e o dito provysor, **afalsamente** o quyseran asy matar (1458) [= (de *falso* <FALSU(M)>) falsamente; traizoeiramente] [FERRO].
(82) […] viren que e mellor et mays **amigalmente** en dia feriado et non feriado (1287) [= (de *amigal* <AMICU(M)>+al) amigablemente] [ROMAN].
(83) Conosçuda cousa sea a todos como nos Nuno Lourenço, prior de Uilar de Donas, con o soprior Apariço Fernandes, **anadamente** con noso conuento, damos a uos (1296) [= (de *anada* < *ano* < ANNU(M) 'ano') anualmente] [NOVO].
(84) […] fezo Medea com engãno seu fogo moyto **apresamẽte** (*) (1399) [= (de *á présa* <PRESSA(M)>, de <PREMERE>) apresuradamente] [PARK].
(85) […] por noso moordomo a que proveades de co[me]r et de bever **comunavilmente** (1275) [= (de *comunavil* <COMMUNABILE(M)>) en común] [ROMAN].
(86) Et diso mays que as mulleres dos fidalgos que pagauan as loytosas se se finauan **depoysmente** de seus maridos (1402) [= (de *depois* [despois] <DE+EX+POST>) posteriormente] [CAL2].
(87) […] o dito moesteyro que os teen **furtivilmente** (1329) [= (<*FURTIBILE(M)>) furtivamente] [PORT].
(88) Et eu o dito Fernan Peres obligo meus bees de lavrar ben e **perteescentemente** as ditas erdades (1435) [= (de *pertencente* <PERTINESCENTE(M)>) convenientemente] [GARC].

### 3.12. -MĔNTŬ(M) > *-mento*

Lat. instrumento. Hoxe indica 'proceso'. No *DRAG* rexístranse innúmeros casos (*abastecemento* de 'abastecer', *experimento* <EXPERIMENTU(M)>, etc.). Moi produtivo en todas as épocas. No corpus medieval atópanse as grafías (*TMILG*) '-mento, -mẽto'. Velaí uns exemplos do corpus medieval sen uso na actualidade:

(89) Et para mayor **abondamento** et pagar millor esta dita renda (* / **) (1467) [= (de *abondar* <ABUNDARE>) abundancia] [CAL2].
(90) Maria virgen que he auogada dos pecadores et **acorremento** dos cuitados (* / **) (1326) [= (de *acorrer* <ACCURRERE>) auxilio, socorro, axuda] [LOPEZ2].
(91) Capitolo do **afazemento** et do herdamento da jgleia de Cordoua et das campãas to[rna]das a Sanctiago (* / **) (1312) [= (de *afazer* [afacer], de *a+fazer* <FACERE>) trato, costume, hábito] [LOR1].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(92) Aquel bispo don Johan, en uoz do arçebispo de Toledo, fezo aquel **alimpamento** ata que, cõ os outros bispos, tornou aquella mesquita de Cordoua en jgleia (* / **) (1312) [= (de alimpar, de a+limpo+ar <limpidu(m)>) limpeza] [LOR1].

(93) […] ca o **castigamento** deue seer con mesura e con piedade (* / **) (1420) [=(de *castigar* <CASTIGARE>) castigo] [OVI].

(94) [...] presente e outorgante meu marido Martín Fernandes, á día de seu **convertemento** (**) (1265) [= (de *converter* <CONVERTERE>) conversión] [FERRO].

(95) Mais bẽ creo que nõ ueem esto que eu ueio, ca esto he hũa rrazõ de grã **destruimẽto** (**) (1373) [= (de *destruir* <DESTRUERE>) destrución] [LOR2].

(96) Capitolo do **sep[ul]turamento** do sancto corpo do nobre rey don Fernando (1312) [= (de *sepultar* <SEPULTARE>) soterramento, enterramento] [LOR1].

(97) […] e id'a vossa casa | logo sen **tardamento** (**) (1284) [= (de *tardar* <TARDARE>) demora, tardanza] [METT].

Este sufixo "forma, moitas veces xa no propio latín, numerosos substantivos abstractos de acción a partir de bases verbais". "Mais a maioría destes substantivos son de criación romance" (Ferreiro 1997: 134).

### 3.13. -NTĬĂ(M) > a) *-nza*; b) *-ncia*

Lat. cualidade ou estado, acción ou resultado dela.

A solución popular a) recóllese nun centenar de lemas no *DRAG* (*abastanza* de 'abastar', *acordanza* de 'acordar', *avinza* <ADVENENTIA(M)>, *crenza* <CREDENTIA(M)>, etc.). No corpus medieval, atopamos moitos rexistros, coas grafías (*TMILG*) '-nza, -nça, -ãça / -ẽça'. Foi moi produtivo, de xeito que se recollen bastantes casos non vixentes na actualidade:

(98) […] e toda a herdade que perteesçe por **aboença** aos sobreditos (*) (1480) [= <*AVOLENTIA(M)> avoengo, liñaxe] [FDEZ-SAL].

(99) […] que este meu cor | sufre por lealdade, | non ossando nonbrar | seu nome de **alegrança** (* / **) (1424) [= (de *alegrar*, de *alegre* <*ALECRE(M)>) alegría, ledicia] [POL].

(100) Et reçeby de vos en prez[o] por **comprança** destas leyras (1325) [= (de *comprar* <COMPARARE>) compra] [ROMAN].

(101) […] bõos costumes de seus padres et a **[coñosçença]** que elles ouverã (1330) [= (de *coñescer* [coñecer] <COGNOSCERE>) coñecemento] [MART].

(102) […] que logo vista esta mha carta sen **demorança** nenhuna (* / **) (1326) [= (de *demorar* <*DEMORARE>) demora] [PORT]. No *DELG* aparece *demoranza* como forma viva.

(103) E por esta causa non vuiren **dultanza** eu don abade (* / **) (1262) [= (de *dulta* 'dúbida', de *dubidar* <DUBITARE>) dúbida, temor] [NOVO].

(104) […] o praço en que o demãdador avia a **escollenza** daquel servo (1375) [= (de *escoller* <EX+COLLIGERE>) elección] [ASK].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(105) […] que por rasón que era descordia e **enemistanza** (*) (1444) [= (de *enemistar*, forma hoxe descoñecida, tal vez do cast. derivada de <*INIMICITATE(M)>) inimizade] [FERRO].
(106) Dizédelles de m˜ja parte que paz, nẽ pleito, nẽ **firmãça**, nõ auerán elles cõmjgo (* / **) (1373) [= (de *firmar* <FIRMARE>) pacto, acordo] [LOR2].
(107) […] aſi de **ganza** como de conpra, por mja alma (* / **) (1272) [= <GANANTIA(M)> ganancia, lucro] [SPON].
(108) As que som, per natureza, | corpos dũa **parecenza** | junta[n]-s'e fazen nacença (* / **) (1350) [= (de *parecer* <*PARESCERE>) semellanza] [BREA]. No *DELG* aparece *demoranza* como forma viva.
(109) […] que lle non enbargase as ditas herdades et cassaes et gaandos et **poboanza** et asoluese de seu enbargo (1340) [= (de *poboar*, de *pobo* <POPULU(M)>) poboamento, poboación] [LUC1]. No *DELG* aparece *poboanza* como forma viva.

A solución b) ten catrocentos trinta lemas no *DRAG* (*absorbencia* de ‘absorber’, *abstinencia* <ABSTINENTIA(M)>, *abundancia* <ABUNDANTIA(M)>, *ardencia* de ‘arder’, etc.). No corpus medieval ten bastantes rexistros e pódense atopar coas formas (*TMILG*) ‘-ancia, -ansia, -ãçia, -encia, -ensia, -ençia, -ẽçia’. Recolléronse seis voces inusitadas na actualidade:

(110) […] e desta **auenencia** asi como sobredito é per mandado dos alcaldes (1261) [= <ADVENIENTIA(M)> avinza, convenio, acordo] [CINT].
(111) […] vos asi aforo ami perteesiente por **erancia** de meu padre Domingo (1425) [= <HAERENTIA(M)>herdanza] [SANCH].
(112) […] Alvares de Mugueymes, que deu **licencia** aa dita Costança Veya (*) (1451) [= <LICENTIA(M)> licenza] [FERRO].
(113) […] e que todo esto que le asi mando aja e leue en sua vida para a sua **mantencia** (1485) [= <*MANUTENTIA(M)> mantenza] [LOPEZ2].
(114) Esta ye la **remenbrancia** de la enquisa que saco johan pelaez e pedro domingez? (1214) [= (de *remembrar* [rememorar] <*REMEMORARE>) lembranza] [GALL].
(115) […] nin ninguno que **sperancia** aya ou parte ouere na demanda (*) (1290) [= (de *esperar*) esperanza] [CINT].

Ben podería ser que a pronuncia fose [nsa] mais a grafía aínda representa o iode.

Segundo Ferreira (1997: 137):

> A forma erudita tamén está presente en numerosos vocábulos introducidos tardiamente desde o latín: audiencia, ausencia, concorrencia... [...] De calquera xeito, todas as formacións populares modernas presentan a terminación erudita, que, co español como factor coadxuvante, comeza a estenderse a vocábulos antigos coa solución patrimonial documentada desde os primeiros períodos do idioma: diferenza *vs.* diferencia, licenza *vs.* licencia, nacenza *vs.* nacencia, presenza *vs.* presencia, querencia *vs.* querencia, sentenza *vs.* sentencia.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

As reflexións de *ILG* (1977: 20-21) sobre este sufixo foron expostas no sufixo 10. Nas *Normas ortográficas* (*ILG* / *RAG* 2012: 12) lese "Nas palabras cultas, en xeral as de entrada máis recente, coincide o galego co castelán e co portugués, pois nos tres idiomas se conservan estas terminacións sen alteración na forma".

### 3.14. -ŌNĚ(M) > *-ón* (fem. *-oa* / *-ona* / *-a*)

Indica orixe, proveniencia. Tamén efecto e é a forma usada maioritariamente para formar aumentativos. O *DRAG* rexistra unha enorme cantidade de lemas (*abusón / ona* de 'abusar', *adulón / ona* de 'adular', *anfitrión / oa* de 'Anfitrión; rei de Tebas', *arañón* de 'araña', *saxón* <SAXONE(M)>, etc.). No corpus medieval (grafías [*TMILG*] '-on, -õ, -om'), os aumentativos non son moi frecuentes, véxanse tres casos non usuais hoxe:

(116) Meen Rodríguez, mui sen meu prazer | a farei vosc', assi Deus me perdon: | ca vos averei de chamar **cochon** (**) (1300) [de *cocho*, de *coche* 'voz usada para escorrentar os porcos'] [BREA].
(117) Et chegou ao **tendillon** que era moy rrico et moy noble, segundo cõta a estoria (**) (1399) [de *tenda* <TENDA(M)>] [PARK].
(118) [...] que lle deu d'açoutes tantos | que non ficou no costado || neno corpo coiro são | ata eno **vergallon** (1284) [de *verga* <VIRGA(M)>] [METT].

Recóllense voces comúns a hoxe (*Breton / Bretõ / Bretom*, *cabron / cabrõ*, *campion*, *capõ*, *collon*, *cordon*, *tacon*, *touron*, etc.) e outras, moi poucas, inusuais:

(119) E qui hy pescare, saluo **boitron** o anzolo, peyte (*) (1290) [= aparello de pesca; cast. 'buitrón' de *buitre* <VULTURE(M)>] [CINT].
(120) [...] et seẽdo ẽno **cabiidoon** dos mõjes (* / **) (1420) [= cabido] [PENS]
(121) [...] Frey Bernal Carreira **Compañon** do señor Arcebispo (1324) [= <*COMPANIONE(M)> posiblemente, un galicismo) compañeiro] [MART-SAL].
(122) [...] e cuidaron que fill'era | d'infançon ou d'**infançõa** (**) (1284) [= (de *infanzón* <*INFANTIONE(M)>) infanzona] [METT].
(123) [...] e huna peça de vaca ou huna bõã **leytõã** (1445) [= (de *leite* <*LACTE(M)>, 'leite') ('criado con leite') marrá, porca] [LUC1].

Rexístranse tamén entradas no *DRAG*, termos cultos, de acentuación átona (*canon* <CANON>, *colon* <COLON>, etc.).

Lese que "O sufixo aumentativo xeral en galego (xa documentado desde a aparición escrita do galego-portugués) é *-ón*" (Ferreiro 1997: 192).

*ILG* (1977: 26-27) afirmaba que:

> As palabras formadas con este sufixo non revisten ningunha particularidade no masculino: *ladrón*, *ladróns*. No femenino, as que o admiten, oscilan na fala viva entre a eliminación no *-n-* (*ladroa*, *mulleroa*, *leoa*) e a súa conservación (*ladrona*, *mullerona*, *leona*). Entrámbalas solucións poden ser usadas. Na fala parece haber

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los dereitos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

certa tendencia a considerar *-oa* como mais (sic) despectivo. Pode botarse man na escrita tamén desta distinción.

A partir de 2003, as formas do estándar son: *anfitrioa*, *ladroa (ladra)*, *leoa*, *patroa*.

### 3.15. -ŌRĔ(M) > *-or* / *-ra*

Lat. acción ou resultado dela. Hoxe forma nomes abstractos, indica cualidade, propiedade, estado. De moita produtividade en calquera época, como testemuñan o *DRAG* (*albor* <ALBORE(M)>, *brancor* de 'branco', etc.) e mais o corpus medieval.

Relacionado con este sufixo existe -TŌRĔ(M), que ten dous resultados: a) -dor / -ra (popular) e b) -tor / -ra. Xa no latín expresaban a idea de axente, como na actualidade. Tamén moi produtivo (*abdutor* <ABDUCTORE(M)>, *abridor* de 'abrir', etc.). Existía o feminino [-TRIX] (no *DRAG* trinta e seis rexistros: *aceleratriz*, *adoratriz*, *automotriz*, *conmutatriz*, *institutriz*, *motriz*, *xeratriz*, etc.). A produtividade explica os casos rexistrados na Idade Media que hoxe non se conservan:

(124) […] et poeta tãto quer dizer cõmo **achador** de rrazõ nouamẽte et fijnçidor dela (**) (1330) [= (de *achado*, de *achar* <AFFLARE>) que acha, encontra] [MART].
(125) […] cõmo forom ala os nosos padres da uella ley, Abraã, Ysaac et Jacob et seus fillos. et ajnda nosso Señor Ihesu [Cristo]-, et doeusse dela Jupiter, esto he [o] señor **apartador** (*) (1330) [= (de *apartado*, de *apartar*, de *parte* <PARTE(M)>) que aparta, separa, escolle] [MART].
(126) Lopo Dias, **cãbeador**, Johan Garçia de rua Noua, scriuan da obra da igleia de Santiago (**) (1403) [= (de *cambiar* <CAMBIARE> 'trocar') o que realizaba operacións de cambio de moeda] [LUC1].
(127) […] per sua propia autoridade sen chamar pra ellos aoutro **chegador** de dereito (1443) [= (de *chegado*, de *chegar* <PLICARE>) o que cobra dereitos e rendas] [SANCH].
(128) Ja m'eu quisera con meu mal calar, | mays que farey con tanto **cousidor**? (**) (1300) [= (de *cousir* < de *cousa* <CAUSA(M)>) censurador] [BREA].
(129) Ca muito per ás dormido, | **dormidor** te feziste, || e o cantar que dizias | meu ja escaeciste (* / **) (1284) [= <DORMITORE(M)> durmiñón] [METT].
(130) Non mi digades, madre, mal, se eu fôr | vee-lo sen verdad'e o **mentidor** | na ermida do soveral (**) (1300) [= (de *mentido*, de *mentir* <MENTIRE>) mentireiro] [BREA].
(131) […] por quanto era **rendor** das ditas casas, que lle pagase o dito foro (1385) [= (de *renda* <RENDITA(M)>) inquilino / rendeiro] [CAL2].

Apunta Ferreiro (1997: 127) que "A var. *-or*, *-a*, xa non é produtiva sobre bases verbais, sendo utilizada con bases nominais para a criación de substantivos abstractos, coa noción de 'cualidade, propiedade': amargor, frescor, grandor...".

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

### 3.16. -ŎRĬŬ(M) > a) *-oiro* / *-a* (*-doiro*); b) *-orio* / *-a* (*-torio*)

Indica 'lugar ou instrumento de acción'. Nalgúns casos, conserva o sentido do antigo participio de futuro latino (como o rexistro 133, máis abaixo). Presenta dúas solucións con variantes.

A solución a) ten cento trinta lemas no *DRAG*. No corpus medieval é de presenza tímida e pódese atopar escrito das seguintes formas [*TMILG*]: '-oiro, -oyro, -ojro'. Casos sen rexistro actual:

(132) […] mays faranos entrar el oge en tal lugar que aueremos mester o **ajudoyro** de Deus (* / **) (1312) [= <ADIUTORIU(M)> axuda, favor, auxilio] [LOR1].
(133) […] nen excepçon apoeran nen ussaran de **avidoyro** de dereyto ninhun, nen de custume nen de for (1287) [= (de *aver* [haber] <HABERE> o que pode ser tido] [ROMAN].
(134) […] e posa sobre todo e en todo o que dél nacer et açender e desçender et **conpridoyro** for e o que nos faríasmos e diríasmos (*) (1434) [= (de *cumprir* <COMPLERE> necesario, obrigatorio] [FERRO].
(135) Item o agro do Rego **derradoiro**, que jaz em tojal (1399) [= (de <DE+RETRO> derradeiro; traseiro] [LUC1].
(136) Dentro no **dormidoiro** | en seu leit'u jazia (* / **) (1284) [= <DORMITORIU(M)> dormitorio] [METT].
(137) […] et nõ fazíã sen guisa, que Ayas Talamõ os desamaua, et era fortement **dultadoyro** (1373) [= (de *dulta* 'dúbida', posiblemente *dultar* <DUBITARE>) temeroso; dubidoso] [LOR2].
(138) Fernando Anes, **escudoyro** de Diego Ferrnández (1348) [= (de *escudo* <SCUTU(M)>) escudeiro] [FDEZ-VIA].
(139) […] ora moramos como iaz murada τ como departe pelo **eſtremadoyro** τ uaj enteſtar no rrio (*) (1296) [= (de *estrema* <EXTREMA(M)>) estrema, linde] [MAIA].
(140) […] et ouue a leyxar este **faleçedoyro** mũdo que pouco dura (1312) [= (de *falecer* <*FALLESCERE>) perecedoiro] [LOR1].
(141) […] seendo juntados em noso cabídoo ẽno **leedoiro** do coro da dita igleia (*) (1396) [= <LEGITORIU(M)> lugar onde se sitúa o lector no refectorio dos conventos] [CAB].
(142) […] feito et outorgado este testamento eno **Refortoiro** do moesteyro de sam francisco de Santiago (**) (1395) [= <REFECTORIU(M)> refectorio] [LOPEZ2].
(143) […] ca de Santĩag'atá San Fagundo | mais **ruidoiro** omen non avia (1240) [= (de *ruído* <RUGITU(M)>) ruidoso] [BREA].
(144) Eynés Gaya deu por querella que lle tomaran hun coytelo **podadoyro** en este dia (*) (1458) [= (de *podar* <PUTARE>) coitelo para podar] [FERRO] No *DELG* aparece *podadoiro* como forma viva.

A solución b) (forma culta) é produtiva na actualidade (*absolutorio* <ABSOLUTORIU(M)>, *accesorio* <ACCESSORIU(M)>, *acusatorio* <ACCUSATORIU(M)>,

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

*circulatorio* <CIRCULATORIU(M)>, etc.); no corpus da Idade Media os rexistros encontrados son de uso actual. Aparecen coas grafías (*TMILG*) '-orio, -oryo, -orjo'.

A propósito destes sufixos, Ferreiro (1997: 165) escribe que: "O suf. -*(t)orio* é aproveitado popularmente para a formación de substantivos con carácter despectivo sobre bases substantivas e verbais". "Os adxectivos formados co sufixo -*(d)oiro* continúan semanticamente as formas latinas do participio de futuro".

### 3.17. -TĀTĔ(M) > -*dade* (-*idade*, adxectivos de máis de dúas sílabas)

Lat. cualidade ou estado. Hoxe forma nomes abstractos, indica cualidade, propiedade, estado. No *DRAG*, innúmeros casos. Moi produtivo. No corpus medieval tamén, con rexistros inusitados hoxe, véxanse catro:

(145) […] dizede-mi quen é comendador | eno Espital ora da **escassidade**, | ou na fraqueza (**) (1300) [= (de *escaso* <ESCARSU(M)>) escaseza] [BREA].

(146) […] e, mha senhor, en gran ben vos terria | de me darde-la morte | ca de viver eu en coita tan forte | et en tal **estraidade** (* / **) (1350) [= (de *estraño* <EXTRANEU(M)>, na forma estra(n)eidade) estrañeza, sorpresa] [BREA].

(147) […] que tevesse huna sua casa da rua da Algara en tenpo de sua vida et queria que daqui endeante essa doaçon non valese nen ouvesse **fermedade** (1345) [= (de *firme* <FIRME(M), de FIRMU(M)>) firmeza; solidez] [RODR-N].

(148) Por ende eu o dito Juan Gonçales entendendo en minna grande provesa e **lazeridade** (1450) [= <*LACERITATE(M)> aflición; mágoa] [GARC].

De grande vitalidade no latín vulgar, "ten ampla continuidade no galegoportugués" (Ferreiro 1997: 123).

### 3.18. -TĬŌNĔ(M) > -*zón* / -*ción*

Lat. acción ou resultado dela. Hoxe tamén. No *DRAG*, innúmeros casos (só cincuenta e sete con -zón). Grafías medievais (*TMILG*): '-cion, -çion, -çiom, -ciõ, -çiõ, -çio, -çon, -çom, -çõ, -zon, -zom, -zõ'. Moi produtivo en calquera época. Seguidamente, os casos non conservados hoxe:

(149) […] que lle arrende o dito casal por quantos annos se aveer con a dita priora et convento et todallas cousas et pusturas et **avisaçon** que o dito Migel Martinez fezer sobre razon do dito casal (1337) [= <*AVISATIONE(M)> aviso, prevención] [RODR-N].

(150) […] para en todo sempre posan cargar e descargar, e carguen e descarguen suas mercadurias de pescados […] con condiçon que eles e qualquer deles e seus sucesores veñan a a dita vila de Padron a demandar licencia para a dita **cerregaçon** e **descarregaçon** (*) (1448) [= (de [*carregar*] cargar <*CARRICARE, de CARRU(M)>) carga / (de [*descarregar*] descargar <*DISCARRICARE, de CARRU(M)>) descarga] [LOPEZ2].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(151) Mays tãto me sofreredes que eu faça toda mĩa força et todo meu poder cõuosco en trager os de Troya a **cõfondiçõ** et destroimento (**) (1373) [= (de *confundir* <CONFUNDERE>) confusión] [LOR2].
(152) E aforamosvos lo sobredito por virtude de huna demitiçion que fezeron Loys de Cangas e Juan de Cangas […]; a qual **dimitiçion** foy feyta e firmada de mão de Roy de Frogil notario (1499) [= (de *dimitir* <DIMITTERE>) cesamento] [LUC1].
(153) […] et Nos fasian outras molestaçoos con **fatigaçon** de custas et dannos (1435) [= (<FATIGATIONE(M)>) perturbación] [CAL2].
(154) […] por las moytas gentes que en o dito mosteyro estavam de gerra et **forniçon** et moytas foron levadas (1473) [foi encontrada outra lectura deste documento en que se le gorniçon; mais axeitada ao texto; (de *gornir* < *GUARNIRE < gót. *warnjan* 'advertir') conxunto de tropas] [ROMAN].
(155) Et se for posta ou movida a quistion ou debate ou contenda ou posta turbaçon ou **molestaçon** ou inpedimento algunt sobre lo sobredito (1435) [= <MOLESTATIONE(M)> pexa; molestia] [CAL2].
(156) E todos Santa Maria | roguemos de coraçon, || del Poi, que aqueste calez | receba en **offreçon** (**) (1284) [= (de *ofrecer* <OFFERIRE +-ecer, de OFFERRE>) ofrecemento; ofrenda] [METT].
(157) E de commo o deto abade o disia, pidia, spondeva e requeria e de **protestaçion** que sobre elo fasia de non cayr ena deta pena (1460) [= (<*PROTESTATIONE(M)>) protesta] [GARC-GARC].
(158) […] era ben çerto que a **recobraçion** os ditos bêês perteesçia ao dito Vasco Lopes (1422) [= (de *recobrar* <RECUPERARE>) embargamento, embargo] [LUC1].
(159) […] que El mo queyra reçebir en esmõõla et en **reymeyçon** dos meus pecados (1446) [= (de *re(d)imir* <REDIMERE>) redención] [LUC1].
(160) E confirmo ⁊ dou por firme ⁊ outorgo la carta de **vencion** de esta herdade (**)(1268) [=<*VENTIONE(M)> venda] [SPON]
(161) Et si per uentura alguen uener que uos esta nostra **uendicion** contrariar quiser […] (1266) [= <VENDITIONE(M)> venda] [ROD-GON2].

Convén sinalar que tamén se atopan as grafías [*TMILG*] '-sion (*condision*, *emançipasion*, *maldision*, *mension*, *renunciasion*), -son (*aproueitason*, *condison*, *corasson*, *maldison*, *orason*, *rrason*, *vendison*), -siõ (*posisiõ*), -som (*doasom*) e -sõ (*condisõ*, *rasõ*, *vendjsõ*)' que non corresponden á solución etimolóxica.
É este un sufixo controverso, con dúas solucións: sen iode, maioritario na Idade Media e con iode, solución maioritaria actual. As formas patrimoniais conservadas sen iode son poucas e hoxe esa solución non crea neoloxismos.

Lese en Ferreiro (1997: 169) que existía:

> no período medieval *-zon* ou *-çon*, o que implicaría unha forma moderna galega *-zón*. Certamente, a partir do final da Idade Media comezou a vacilación entre o mantemento da solución tradicional e patrimonial e a progresiva introdución da forma *-ción*, que parece triunfar modernamente dun modo definitivo na maioría dos vocábulos, a pesar de ser produto dunha clara influencia

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

> do español, agás nalgúns vocábulos isolados como, por exemplo, *doazón*, *ligazón* ou *traizón*.

Apunta que "para outro intento de xustificación da recuperación do iode como unha influencia culta (¿u-lo padrón culto galego durante os séculos escuros?)" tense que ler o texto de R. Mariño Paz (1995a: 57-59).

De Mariño Paz serve un estudo pormenorizado (1995b: 174) en que fai referencia á cuestión formulada por Ferreiro e escribe sobre as formas *-izo* / *-icio* (sufixo 10), *-nza* / *-ncia* (sufixo 13) e *-zón* / *-ción* (sufixo 18), con iode conservado ou absorbido. Esclarece que:

> a) As terminacións *-cio* / *-cia* están xa bastante estendidas nos textos galegos medievais, e incluso non son poucas as voces que non presentan nunca *-ço* / *-ça*.
> b) Se ben as formas sen absorción do iode comezan a facerse máis frecuentes a partir do século XIV e, sobre todo, do XV, o certo é que algunhas como *neicio*, *offiçio*, xa se detectan en textos do XIII.
> c) En xeral obsérvase que durante os séculos XVI, XVII e XVIII se consolida a tendencia cara ao triunfo das terminacións con iode […]. Así e todo, formas como *preço*, *juizo* mantivéronse bastante firmes entre o final da Idade Media e o século XIX.
> d) Continúase observando que os cultismos e as voces de entrada tardía en xeral se acomodan sempre con terminacións en *-cio* ou *-cia*.

Aínda afirma na páxina 178 que:

> Semella fóra de toda dúvida que, ó igual que sucedeu cos descendentes da terminación latina -IONEM, había tamén para as palabras estudiadas neste artigo unha convivencia medieval entre a solución que mantiña o iode (*-cio*, *-çio*, etc.) e a que o absorbía na articulación palatal da consoante (*-ço*, *-zo*, etc.), e mesmo en determinadas voces, unha pugna entre un resultado e outro. […] Parece ademais que desde as orixes do idioma alomenos unha zona da Galicia oriental coñeceu a terminación *-cio* / *-cia* como patrimonial.

Chega á conclusión de que os sufixos *-ança* / *-ença*, *-iça* / *-iço*, *-zón* xa non eran produtivos en galego cando rematou a Idade Media. Todo o novo léxico producido acomodouse ás terminacións con iode, ás solucións relatinizadas. Só se mantiveron e manteñen sen iode voces do "fondo léxico máis antigo do idioma (o da vida agrícola e tradicional, os sentimentos humanos máis elementais, as partes do corpo, os pesos ou medidas, topónimos e antropónimos, etc.)" (p. 179).

Se no *DRAG* se atopan uns setenta lemas acabados en *-icio*, no *Dicionário da Língua Portuguesa* da Porto Editora (2008) rexístranse cento vinte (*acomodatício* de 'acomodado', *adventício* <ADVENTICIU(M)>, *alimentício* de 'alimento', *benefício* <BENEFICIU(M)> *cardinalício* de 'cardeal', etc.). Hai douscentos en *-iço*. A tendencia é a mesma que no galego. Tamén para *-ância* / *-ência*. Outra cuestión é a solución medieval *-çon* / *-çom* que non recupera o iode e devén en *-ção*.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

No aspecto normativo, *ILG* (1977: 22) escribía:

> Sufixo -*ción*, -*sión*. Aconséllase manter estes sufixos nas voces cultas: *nación*, *confesión*, *confusión*, *construción*.., pro non se rexeita totalmente a tentativa iniciada a comezos de século por certos escritores, de retroceder ó pasado e restaura-las formas en -*zón*, -*són* nas voces cultas.

Na mesma páxina lese:

> Este sufixo ten en castelán unha variante popular, -*zón*, e unha culta, -*ción*. En galegoportugués preséntase coas formas -*zon* e -*çom*, que aínda son hoxe as do portugués (cast. *razón*, port. *razão*; cast. *ración*, port. *ração*); non sabémo-la vixencia que tiveron estas formas na nosa lingua nos séculos da decadencia, e os exemplos que se aprecian en textos ata finais do XIX quizais non sexan un fiel reflexo da fala de entón. En todo caso o castelán e o portugués distinguen entre o sufixo culto e o popular; o galego, ó perde-los sonidos sonoros e igualalos ós xordos, imposibilita a distinción que fai hoxe o portugués.
> A entrada e triunfo da forma -*ción*, -*sión* parece que hai que atribuirllos ó castelán, sen que deixe de parecer extraña a eliminación total das formas tradicionais. Hoxe son estas practicamente universais nas voces cultas, polo que nos parece que debe ser esta a norma; normativizar en -*zón* daríalle un aire demasiado artificial á lingua. Pro con todo non se pode nin se debe rexeita-la tentativa de recupera-las formas perdidas prá lingua de hoxe, pro de acordo coa tendencia demostrada historicamente por esta.

Din as *Normas ortográficas* (ILG e RAG, 2012: 55) ao respecto:

> A historia destes sufixos e terminacións é diferente en galego e en portugués. En galego existe hoxe a variante tradicional -*zón* e as cultas -*ción*, -*sión*; o portugués ten -*ção*, -*zão* e -*são*. Na época medieval as formas máis estendidas eran -*zon*, -*çon*, -*son* e -*sson*; pero posteriormente a historia de cada un dos dous idiomas seguiu rumbos diferentes. […] O galego incorporou todas estas palabras cultas, coa acomodación fonética indispensable da terminación latina (FRACTIONEM > *fracción*), seguindo un criterio similar ao adoptado coa terminación -*cio*, -*cia* e cos cultismos en xeral.

Con todo, na literatura do Rexurdimento, son moi comúns –ás veces, exclusivas– as formas escritas sen iode (-*zón*, -*són*) no afán de recuperar a lingua medieval, sen ter unha normativa nin estudos durante tres séculos que nos indicasen como evolucionou o idioma. En 1933, publicáronse *Algunhas normas pra unificazón do idioma galego* (SEG) que recollen as tendencias dos primeiros anos do século XX; nelas úsase sempre -*zón*, que xa se le no título.

Carballo Calero escribía, desde unha posición xa claramente reintegracionista, na súa gramática (1979: 96), ao falar do galego medio:

> Las influencias morfológicas que se observan en el gallego vulgar de hoy, y que se refieren principalmente a la sustitución de sufijos tradicionales por las formas castellanas gemelas, se van manifestando paulatinamente, más o menos

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

> tempranas, y según las condiciones geográficas. El sufijo latino -TIONE, que como elemento vivo de la lengua tiene hoy por lo común en gallego la misma forma *-ción* del castellano, ha conservado en algunas zonas de seseo la forma antigua, es decir, con absorción de la yod [...]. De modo que se oye dialectalmente *combinasón*, *confesón*, en vez de combinación y confesión, lo mismo que si se tratara de aquellas palabras antiguas que han persistido como terminadas en *-zon* en la lengua común. La castellanización de sufijos en las nuevas formaciones; *-ción*, *-cio*, *-cia*, con la *i* conservada; *-ble* de -BILE.

E Freixeiro Mato (1997: 116), ao falar do conflito normativo, afirmaba: "Algunhas solucións de tipo morfolóxico sobre todo van ir evolucionando até coincidiren coas do castelán, provocando a sospeita da interferencia deste (*-zón / -ción*, *-zo / -cio*, *españós / españoles*, *verdá / verdade*, etc.).

O *TMILG* presenta voces acabadas en *-cion* (e as súas variantes gráficas) desde os primeiros documentos, aínda que non na mesma cantidade que as formas en *-çon*.

## 4. Conclusións

Dos dezaoito sufixos vistos, catorce seguiron ata a actualidade a evolución esperada (na solución popular e na culta) e non supuxeron un problema cando se formularon, xa no século XX, as normas ortográficas da lingua. Catro hai, con todo, que hoxe presentan unha solución non compartida unanimemente polos diferentes sectores que propuxeron unha normativa estándar para a lingua. Como xa se foi vendo no texto, son as solucións [sufixo 6] *-bel* / *-ble* (-BĬLĔ(M)), [sufixo 10] *-izo* / *-icio* (-ITĬŬS / -ICĬŬS) (e os seus femininos), [sufixo 13] *-nza* / *-ncia* (-NTĬĂ(M)) e [sufixo 18] *-zón* / *-ción* (-TĬŌNĔ(M)).

A cuestión vén xa desde mediados do século XIX, cando se recuperou o galego como lingua escrita despois dos tres séculos anteriores en que o uso da lingua foi moi minoritario. Os literatos e intelectuais daquela época tiveron acceso pola primeira vez á produción escrita anterior (Idade Media), e baseáronse nela para crear un proto estándar, unha linguaxe máis ou menos formal que lles servise para todas as manifestacións escritas, no afán de ter unha norma estable. Repararon en que moitos dos usos medievais coincidían cos do galego que coñecían de sempre mais outros eran diferentes e achegados ao castelán. Serían así por influencia do castelán ou por evolución da propia lingua galega? A pregunta só sería respondida na época actual, con todo o material escrito de que se dispón. Naquel tempo o empeño descastelanizador tiña maior importancia. Non entrarei a cuestionar as diferentes propostas normativas que se fixeron ao longo do século XX (algunhas paralelas á actual oficial xa desde os anos 80). Aquí só estudamos datos fornecidos pola documentación existente no corpus.

Pouca información se tem do galego escrito na época dos chamados Séculos Escuros, con todo, contamos desde 2017 coa axuda dun novo corpus, o *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* [*GONDOMAR* (G)]. Reúne a produción escrita entre os séculos XVI, XVII e XVIII[7]. Este corpus vai axudar a verificar cal era a solución morfolóxica e gráfica máis común durante eses anos[8].

Véxanse as solucións comparadas do *TMILG* (T) e do *GONDOMAR* (G):

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

(6) -BĬLĔ(M):
-*uel* T=117 ocorrencias (entre 1225 e 1484) / G=0,
-*uele* T=20 (entre 1261 e 1487) / G=0,
***-vel*** T=**135** (entre 1220 e 1503) / G=0,
-*vele* T=8 (entre 1301 e 1503) / G=0,
-*bel* T=3 (entre 1369 e 1481) / G=0,
-*bele* T=19 (entre 1300 e 1503) / G=0,
-*bil* T=5 (entre 1280 e 1469) / G=0,
-*bile* T=3 (entre 1325 e 1456) / G=0,
-*vil* T=79 (entre 1240 e 1394) / G=0,
-*vile* T=4 (entre 1325 e 1438) / G=0,
-*vle* T=4 (entre 1404 e 1456) / G=0,
***-ble*** T=**86** (entre 1270 e 1527) / G=**4** (en 1612, 1697, 1750 e 1777) e
-*bre* T=0 / G= 3 ocorrencias ('notabre' duas veces en 1697 e 'posibre' en 1773).

Solucións maioritarias:

***-vel*** T=**135** (entre 1220 e 1503) / G=**0** e
***-ble*** T=**86** (entre 1270 e 1527) / G=**4** (1612, 1697, 1750, 1777).

(10) -ITĬŬS / -ICĬŬS: escolléronse para este grupo, só aqueles vocábulos que em 2003 pasaron ao estándar sem -i-.
-espacio T=6 (entre 1371 e 1527) – espacios T=0,
espaçio T=12, (entre 1300 e 1468) – espaçios T=0,
**espaço** T=**24** (entre 1295 e 1457) – espaços T=0 e
espazo T=3 (entre 1282 e 1305) – espazos T=0.
Ningún resultado en *GONDOMAR*.

-gracia T=37 (entre 1240 e 1448) / **gracia** G=**6** (entre 1697 e 1777) – gracias T=2 (entre 1264 e 1348) / G=1 (1594),
graçia T=92 (entre 1264 e 1512) / G=0 – graçias T=14 (entre 1300 e 1473) G=1 (1594), **graça** T=**350** (entre 1220 e 1500) / G=0 – graças T=91 (entre 1220 e 1468) / G=0,
graza T=4 (entre 1275 e 1353) / G=1 (1746) – grazas T=0 / G=2 e
grasia T=0 / G=0 – grasias T=0 / G=1 (1775).

-precio T= 47 (entre 1258 e 1516) / G=0 – precios T=0 / G=0,
preçio T=49 (entre 1260 e 1506) / G=0 – preçios T=6 (entre 1440 e 1506) / G=0,
**preço** T=**665** (entre 1220 e 1497) / G=0 – preços T=18 (entre 1418 e 1458) / G=0 e
**prezo** T=150 (entre 1255 e 1381) / G=**15** (entre 1612 e 1746) – prezos T=0 / G=0.

**-servicio** T=15 (entre 1294 e 1485) / G=**4** (entre 1697 e 1773) – servicios T=4 (entre 1485 e 1489) / G=0,
serviçio T=16 (entre 1264 e 1506) / G=0 – serviçios T=1 (1473) / G=0,

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

**serviço** T=**229** (entre 1220 e 1508) / G=3 (entre 1596 e 1697) – serviços T=21 (entre 1264 e 1473) / G=0,
servizo T=4 (entre 1257 e 1420) / G=0 – servizos T=0 / G=0 e
serbisso T=0 / G=1 (en 1603).

-[xuicio] juicio T=10 (entre 1324 e 1485) / G=1 (en 1753),
juiçio T=1 (1365) / G=0,
iuicio T=0 / G=0,
iuiçio T=0 / G=0,
juiço T=20 (entre 1283 e 1473) / G=0 – juiços T=1 (1325) / G=0,
**juizo** T=**131** (entre 1240 e 1506) / G= **2** (en 1671 e 1707) – juizos T=5 (entre 1340 e 1441) / G=0,
juiso T=130 (entre 1332 e 1508) / G=0 – juisos T=1 (en 1349) / G=0,
x̃suizo T=0 / G=1 (en 1777) e
x̃suicio T=0 / G=1 (en 1777).

-[xusticia] **justicia** T=16 (entre 1339 e 1485) / G= **4** (entre 1594 e 1671) – justicias T=8 (entre 1350 e 1527) / G=0,
justiçia T=94 (entre 1300 e 1498) / G=2 (en 1594 e 1596) – justiçias T=57 (entre 1290 e 1493) / G=0,
iusticia T=8 (entre 1243 e 1290) / G=0 – iusticias T=2 (en 1441) / G=0,
iustiçia T=7 (entre 1266 e 1490) / G=0 – iustiçias T=2 (en 1288 e 1290) / G=0,
**justiça** T=**267** (entre 1240 e 1522) / G=2 (en 1603) – justiças T=134 (entre 1264 e 1492) / G=0,
iustiça T=5 (entre 1295 e 1434) / G=0 – iustiças T=3 (entre 1428 e 1488) / G=0,
**justiza** T=7 (entre 1277 e 1420) / G=**4** (2 en 1605 e 2 en 1746) – justizas T=2 (en 1320 e 1339) / G=0 e
iustiza T=0 / G=0 – iustizas T=0 / G=0.

(13) -NTĬĂ(M): fíxose a mesma operación.
-diferencia T=0 – diferencias T=1 ocorrencia (en 1474),
**diferençia** T=**2** ocorrencias (en 1412 e 1519) – diferençias T=0,
diferença T=0 – diferenças T=0 e
diferenza T=0 – diferenzas T=0.

Ningún resultado en *GONDOMAR*.

**-licencia** T=8 (entre 1332 e 1451) / G=**1** (en 1770) – licencias T=0 / G=0,
licençia T=16 (entre 1337 e 1532) / G=0 – licençia T=0 / G=0,
liçencia T=14 (entre 1325 e 1494) / G=0 – liçencia T=0 / G=0,
**liçençia** T=**177** (entre 1300 e 1519) / G=0 – liçençias T=0 / G=0,
licença T=3 (entre 1332 e 1416) / G=0 – licenças T=0 / G=0,
**liçença** T=49 (entre 1317 e 1503) / G= **1** (en 1605) – liçenças T=0 / G=0 e
licenza T=0 / G=0 – licenzas T=0 / G=0.

**-presencia** T=36 (entre 1237 e 1519) / G=**2** (en 1773 e 1777),

**presençia** T=106 (entre 1309 e 1520) / G=**2** (en 1594),
**presença** T=**1.162** (entre 1252 e 1505) / G=0 e
presenza T=21 (entre 1256 e 1476) / G=0.

**-sentencia** T=21 (entre 1274 e 1498) / G=**1** (1708),
sentençia T=62 (entre 1287 e 1577) / G=0,
**sentença** T=**365** (entre 1252 e 1488) / G=0 e
sentenza T=9 (entre 1261 e 1476) / G= 1 (1697).

(18) -TĬŌNĔ(M):
***-çon*** T=**5.315** (de inicios a 1522) / G=10,
-*çom* T=260 (entre 1240 e 1488) / G=0,
-*çõ* T=1.257 (entre 1262 e 1506) / G=0,
***-zon*** T=1.363 (entre 1200 e 1516) / G=**36** (entre 1596 e 1777),
-*zom* T=157 (entre 1240 e 1468) / G=0,
-*zõ* T=157 (entre 1240 e 1468) / G=0,
-*cion* T=129 (entre 1250 e 1503) / G=27,
-*çion* T=267 (entre 1263 e 1527) / G=3 (en 1594),
-*çiom* T=15 (entre 1289 e 1506) / G=0,
-*çiõ* T=15 (entre 1289-1506) / G=0 e
-*ciõ* T=2 (entre 1262 e 1340) / G=0.

Solucións maioritarias:

***-çon*** (**5.315**, inicios-1522) G (10 [*condiçon*, 1596; *diçon*, 1596; *obrigaçon*, 1598 e 1697; *consolaçon*, 1603; *discrijiçon*, 1671; *raçon*, 1671; *bendiçon*, 1697, *maldiçon*, 1697 e *naçon*, 1697]) /
***-zon*** (1.363 (1200-1516) G (**36** [*conguergazon*, 1746; *corazon*, 1770; *admirazon*, 1697; *razon*, 1770; *benzon*, 1746; *comparazon*, 1697; *intenzon*, 1746; *obrigazon*, 1697; *privazon*, 1753...] Todos os rexistros son do século XVIII e escritos con 'z').
Os rexistros acabados en -*cion*, no *TMILG* (129, 1250-1503) e no G (27: 1594 {1 caso}, 1671 {1 caso},1697 {2 casos}, entre 1708 e 1777 {24 casos}), demostran a pouca vitalidade do sufixo nos vocábulos patrimoniais ata o século XVIII; a tendencia cara a -*cion* comeza a verse na produción escrita no século XIX e, sobre todo, no XX.

Como se pode observar, hai durante todo o período medieval diversas solucións gráficas para unha mesma realización fonética (ou realizacións alófonas); esa tendencia é menor durante os séculos seguintes mais aínda é inestable e chegamos ao século XX sen unha norma consolidada. O estudo de todas estas solucións e da tradición[9] fixo posible a asunción dun modelo normativo (contestado) que, debido ás propias circunstancias da historia da lingua xa referidas e coñecidas, se tivo que ir modificando e axeitando conforme se coñecía máis información, e cos ollos postos na depuración de formas castelás.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

## Referencias bibliográficas

Álvarez, Rosario; Monteagudo, H.; Regueira, X. L. 1986. *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, Rosario e Xosé Xove. 2002. *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.

Antunes, M. I. Bacelar F. 1962. *O Processo Derivativo no Português Arcaico*. Braga: Ed. do Autor.

Barreiro García, M.ª Carme. 1985. *O léxico dos Miragres de Santiago*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Carvallo Calero, R. 1979 [1966]. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.

Cereixo Silva, Amparo. 1997. *Os adverbios en -mente no galego medieval*. Tese de licenciatura defendida na USC baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro (inédita).

Cereixo Silva, Amparo. 1998. Os modificadores oracionais en *-mente* no galego medieval, *Cadernos de lingua* 18, 97-108.

Coelho, Juliana Soledade Barbosa. 2001. *Aspectos Morfolexicais do Português Arcaico. Sufixação nos Séculos XIII e XIV*. Bahia: Universidade Federal da Bahia, Dissertação de Mestrado orientada por Rosa Virgínia Mattos e Silva.

Domínguez, Eva María; López, María Sol. 2017. Tratamento da variación lingüística no CORGA. En M. Negro, R. Álvarez e E. Moscoso, eds. *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega.* Santiago de Compostela: U. de Santiago de Compostela, pp. 421-440.

Dubert García, Francisco. 2004. ¿Influente ou influínte? Prescrición e uso da vogal temática verbal da C-III nos adxectivos en *-NTE* na lingua galega. En R. Álvarez e H. Monteagudo, eds. *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, pp. 223-246.

Ferreiro, Manuel. 1995. *Gramática histórica da lingua galega. I. Fonética e Morfoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Ferreiro, Manuel. 1997. *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Ferreiro, Manuel. 2010. Sobre o proxecto «Glosario crítico da lírica profana galegoportuguesa». En M. Brea e S. López Martínez-Morás, eds. *Aproximacións ao estudo do* Vocabulario trobadoresco. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 239-252.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 1996. *Os diminutivos en galego*. Vigo: A Nosa Terra.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón 1997. *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 2000. *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

González Seoane, Ernesto; Álvarez de la Granja; María; Boullón Agrelo, Ana Isabel; Rodríguez Suárez, María; Suárez Vázquez, Damián. 2008. Dicionario de dicionarios do galego medieval. En E. Bernal e J. DeCesaris, eds. *Proceedings of the XIII EURALEX International Congress*. 15-19 July 2008. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra, pp. 385-389.

Huber, Joseph. 1933. *Gramática do Português Antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

*ILG*: Instituto da Lingua Galega. 1977. *Bases prá unificación das Normas Lingüísticas do Galego*. Madrid: Universidade de Santiago de Compostela e Anaya ed.

*ILG* e *RAG*: Instituto da Lingua Galega; Real Academia Galega. 2012 [1982]. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Galaxia.

López Viñas, Xoán. 2012. *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.

López Viñas, Xoán. 2016. Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval. *Revista Galega de Filoloxía.* Monográfico 8.

Malkiel, Yakov. 1960. The Development of the Latin Suffixes -*antia* and -*entia* in the Romance Languages, with Special Regard to Ibero-Romance. *University of California Publications in Linguistics* 1. Oxford: Basil Blackwell, pp. 41-184.

Mariño Paz, R. 1995a. Estudio introductorio. En Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vintecatro rústicos*. Ed. Crítica e estudio introductorio de... Pontevedra: Consello da Cultura Galega, pp. 7-102.

Mariño Paz, Ramón. 1995b. Consideración sobre a historia dos sufixos -*ancia* / -*anza*, -*encia* / -*enza*, -*icia* / -*iza*, -*icio* / -*izo* e das terminacións -*cia* / -*za* e -*cio* / -*zo* do galego, *Verba* 22, 157-189.

Mariño Paz, Ramón. 1998. Notas sobre a historia das terminacións -*ión / -ón* en galego. En D. Kremer, ed. *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, vol. 2. Vigo: Galaxia, pp. 735-760.

Mariño Paz, Ramón. 2005. Forma e función do sufixo -uel no galego medieval, *Cadernos de Lingua* 27, 155-193.

Mariño Paz, Ramón. 2016. Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século XV. En R. Mariño Paz e X. Varela Barreiro, eds. *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 121-146.

Monteagudo, Henrique, ed. 1995. *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma dogalega culto.* Vigo: Galaxia.

*RAG*: Real Academia Galega. 1970. *Normas ortográficas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.

*RAG*: Real Academia Galega. 1971. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.

*SEG*: Seminario de Estudos Galegos. 1933. *Algunhas normas pra unificazón do idioma galego*. Santiago de Compostela: Nós.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

## Fuentes documentales

Ares Vázquez, Mª Carme; Carballeira Anllo, Xosé Mª; Iglesias Serra, Primitivo; Lema Suárez, Xosé Mª; López Fernández, Rosa. 1994 [1986]. *Dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Blánquez Fraile, Agustín. 1981. *Diccionario manual latino-español, español-latino*. Barcelona: Ed. Sopena.

*DECH*: Corominas, Joan; Pascual, José Antonio. 1980-1991. *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

Costa Almeida, J.; Sampaio Melo, A. 2008. *Dicionário da Língua Portuguesa*. Porto: Porto Editora.

Cunha, A. Geraldo da. 1982. *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Ed. Nova Fronteira.

*DdD*: Santamarina, Antón, coord. 2006-2013. *Dicionario de dicionarios*. Seminario de lingüística informática da Universidade de Vigo e Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> [Consulta 02-03/2018].

*DdDGM*: González Seoane, Ernesto; Álvarez de la Granja, María; Boullón Agrelo, Ana Isabel; Rodríguez Suárez, María; Suárez Vázquez, Damián. 2006-2012. *Dicionario de dicionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Seminario de lingüística informática-Grupo TALG; Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://sli.uvigo.es/DDGM/index.php> [Consulta 02-03/2018].

*DRAG*: Real Academia Galega 2012. *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/dicionario> [Consulta 02-03/2018].

Ferreiro, Manuel, dir. 2014-. *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*. Universidade da Coruña. Disponible en <http://glossa.gal> [Consulta 02-03/2018].

*GONDOMAR*: Álvarez Blanco, Rosario e Ernesto González Seoane, eds. 2017. *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.gal/gondomar> [Consulta 02-03/2018].

Houaiss, Antônio; Salles, Mauro de *et al*. 2001. *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

Lorenzo, Ramón, ed. 1975 [1977]. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de Ramón Lorenzo. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoó".

Machado, José Pedro. 1952. *Dicionário etimológico da língua portuguesa: com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. Lisboa: Confluência ed.

*DLE*: Real Academia Española. 2014, 23.ª ed. *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

Rivas Quintas, Eligio. 2015. *Dicionario Etimolóxico da Lingua Galega. Léxico rural do noroeste hispano*. Santiago de Compostela: Tórculo.

*TMILG*: Varela Barreiro, Xavier, dir. 2004-. *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.es/*TMILG*> [Consulta 02-03/2018].

## Referencias do corpus [*TMILG*]

ASK: Askins, Arthur L-F.; Avenoza, Gemma; Fernanda Dias, Aida; Pérez Pascual, J. Ignacio; Sharrer, Harvey, eds. 1997. Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV), *Revista de Literatura Medieval* IX, 9-43. [O texto está nas pp. 42-43].

BREA: Brea, Mercedes, coord. 1996. *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica*. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro".

CAB: Cabana Outeiro, Alexandra, ed. 2003. *O Tombo H da catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397*. Valga: Concello de Valga.

CAL1: Cal Pardo, Enrique, ed. 1991. De Viveiro en la Edad Media, *Estudios Mindonienses* 7, 11-226.

CAL2: Cal Pardo, Enrique, ed. 1999. *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

CINT: Cintra, Luís Felipe Lindley, ed. 1959. *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de alfaiates, Castelo Bom...* Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.

COME: Comesaña Martínez, María Ángela, ed. 1995. *O tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

DURO: Duro Peña, Emilio, ed. 1977. *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo".

FDEZ-VIA: Fernández de Viana; Vieites, José Ignacio, eds. 1995. *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo.

FDEZ-SAL: Fernández Salgado, Antonio, ed. 1999. *A documentación medieval de San Bieito do Campo*. Tese de licenciatura (inédita) presentada na Universidade de Santiago de Compostela.

FERRO: Ferro Couselo, Xesús, ed. 1967. *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.

GALL: Gallego, Olga, ed. 1986. Tumbo de las viñas de Ribadavia, *Boletín Auriense* XVI, 157-176.

GARC: García Oro, José, ed. 1977. *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*. Santiago: Bibliófilos Gallegos.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

GARC-GARC: García y García, Antonio, dir. ed. 1981. *Synodicon hispanum I. Galicia*. Madrid: Editorial Católica.

GONZ: González Garcés, Miguel, ed. 1988. *Historia de La Coruña. Edad Media*. A Coruña: Caixa Galicia.

LOPEZ1: López Ferreiro, Antonio, ed. 1901. *Galicia Histórica*. Colección diplomática. Santiago: Tipografía Galaica.

LOPEZ2: López Ferreiro, Antonio, ed. 1975 [1895]. *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid: Ediciones Castilla.

LOR1: Lorenzo, Ramón, ed. 1975 [1977]. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de Ramón Lorenzo. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoó".

LOR2: Lorenzo, Ramón, ed. 1985. *Crónica troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".

LUC1: Lucas Álvarez, Manuel; Justo Martín, María José, eds. 1991. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. (Edición diplomática). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

LUC2: Lucas Álvarez, Manuel; Domínguez, Pedro Lucas, eds. 1996. *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).

MAIA: Maia, Clarinda de Azevedo, ed. 1986. *História do galego-portugu ês. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C., pp. 41-245.

MANS: Manso Porto, Carmen, ed. 1991. El convento de Santa María de Valdeflores de Viveiro, *Estudios Mindonienses* 7, 331-67.

MART: Martínez López, Ramón, ed. 1963. *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial*. Oviedo: Publicacións de Archivum. [Incorpora as correccións de R. Lorenzo e X. L. Couceiro (*Homenaxe a Camilo Flores* e *Homenaxe a Xesús Alonso Montero*)].

MART-SAL: Martínez Salazar, Andrés, ed. 1911. *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.

METT: Mettmann, Walter, ed. 1959-72. *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).

NOVO: Novo Cazón, José-Luis, ed. 1986. *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".

OVI: Oviedo Arce, Eladio, ed. 1901. Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio. En López Ferreiro, Antonio, ed. *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 104-109.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

PARK: Parker, Kelvin M. ed. 1975. *Historia Troyana*. Edición e introducción de Kelvin Parker. Santiago: Instituto "Padre Sarmiento". [Incorpora as correccións de R. Lorenzo (*Verba*, 9, 1982)].

PENS: Pensado Tomé, José Luis, ed. 2004. Rufus, Jordanus: *Tratado de Albeitaria*. Introdución, transcrición e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades.

PEREZ: Pérez Rodríguez, F. ed. 1991. San Jorge de Codeseda: un monasterio femenino bajomedieval, *Studia Monastica* 33, 50-85.

POL: Polín, Ricardo, ed. 1997. *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).

PORT: Portela Silva, Ermelindo, ed. 1976. *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en expansión y en la crisis*. Santiago: Tip. El Eco Franciscano.

ROD-GON1: Rodríguez González, Ángel, ed. 1989. *Livro do Concello de Pontevedra (1431-1463)*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

ROD-GON2: Rodríguez González, Ángel; Armas Castro, José, eds. 1992. *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

RODR-N: Rodríguez Núñez, Clara, ed. 1989. Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media (1305-1400), *Estudios Mindonienses* 5: 335-485.

ROMAN: Romaní Martínez, Miguel, ed. 1989-93. *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

SANCH: Sánchez Carrera, María del Carmen, ed. 1997. *El Bajo Miño en el siglo XV. El espacio y los hombres*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".

SOUT: Souto Cabo, José António, ed. 2001. *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral-Seminario de Estudos Galegos-Ediciós do Castro.

SPON: Sponer, Margot, ed. 1932-4. Documentos antiguos de Galicia, *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura (Barcelona)* 7: 113-92.

TATO: Tato Plaza, Fernando R., ed. 1999. *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

## Notas

[1] Sería interesante ver (mais iso sería materia para outro traballo) como algúns deses sufixos están ao servizo da linguaxe xurídica, outros á literaria (búscase a estética, o estilo persoal do autor, depúrase a escrita), outros á médica, etc. En definitiva, especialízanse, e noutros casos, os sufixos funcionan en calquera tipo de texto.

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos los derechos. 
ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/

[2] Pódense consultar as trinta e dúas obras na páxina web: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.php>.
[3] Pódense consultar as catorce obras nese artigo. Dispoñible en: <http://www.euralex.org/elx_proceedings/Euralex2008/021_Euralex_2008_Gonzalez%20Seoane_de%20la%20Granja_Boullon%20Agrelo_Rodriguez%20Suarez_Suarez%20Vazquez_El%20Diccionario%20de%20diccionar.pdf>.

[4] No ámbito dos glosarios, tamén foi utilizado o de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, de Ramón Lorenzo (ed. 1975, 1977), referido na bibliografía do *TMILG* coa sigla [LOR1].

[5] Rexístranse no corpus casos que responden a unha lectura errada, sirvan de exemplo os seguintes:

– "[…] eue de seer absolto por vertude del por quanto el por vertude das ditas letras **apostolical** nin en outra maneira algua (1390 a 1480)". Apostolical > apostolicaſ (apostólicas)

– "[…] carta que aja dado ou feyto a outra persona ou personas alguas **ecclesiastical** ou seglares (1456)". Ecclesiastical > ecclesiasticaſ (eclesiásticas).

[6] Nestes casos, coloco en letra itálica a forma mantendo a grafía da época de que procede a palabra do corpus, e entre corchetes a forma actual.

[7] Oitenta e tres textos; o máis antigo de 1594 e o máis moderno de 1791. Pódese ver toda a información na páxina web: <http://ilg.usc.gal/gondomar>.

[8] Merece atención o sufixo 2 -ĀNŬ(M), - ĀNĂ(M) >
a) *-an* / *-án*, *-ao* / *-ão* / *-ãõ* / *-ãão*, *-ã* [-án / -á (-ao / -á)];
b) *-an*, *-ão*, *-ao* [-án / -ana];
c) *-ano*, *-ão* [-ano / -a].
Após as posibilidades vistas no *TMILG*, no *GONDOMAR* encóntranse as seguintes solucións:

– 9 ocorrencias en *-ao* = brao <verán> 1770; grao <gran> 1753 e 1755; hirmao <irmán> 1596 e 1603; mao <man> 1612, 1697 e 1707 e nao <non> 1680.

– 3 ocorrencias en *-au* = chau <chan> 1746; mau <man> 1604 e yrmau <irmán> 1604.

– 59 ocorrencias en *-an* / *-án* = can <can> 1596, 1747; capellan <capelán> 1777 (2 ocorrencias); capitan <capitán> 1753 (2 ocorrencias), 1777 (4 ocorrencias) e 1791; chan <chan> 1697 e 1746 (18 ocorrencias); hirmán <irmán> 1603 e 1791; lacazan <lacazán> 1746; man <man> 1603, 1671 (2 ocorrencias), 1746 (5 oc.), 1753 (3 oc.), 1770 (2 oc.) e 1775; nugallan <nugallán> 1746 (2 oc.); paisan <paisano> 1746, sacristan <sancristán> 1746, 1770 (4 oc.) e 1775; teçelan <tecelán> 1596; tezelan <tecelán> 1596 e yrman <irmán> 1603.
Este último grupo acolle solucións en *-án* / *-á* e *-án* / *-ana* actuais. Será a solución estándar en detrimento de *-ao* ~ *-au*.

[9] Convén dicir que a maioría das palabras que aparecen no [*DdD*] tamén están no [*DdDGM*].

© *Estudios de Lingüística del Español* 2018. Reservados todos os dereitos.

ISSN: 1139-8736 http://infoling.org/elies/